



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 8 de outubro de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día oito de outubro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(799).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 2 de outubro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(800).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DA AREA DOS SERVIZOS SOCIAIS ANO 2020”. EXPTE. 196995/301.**

Visto o informe xurídico do 16/09/2020 e informe de fiscalización do 05/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/09/2020, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o xefe de Área e pola concelleira de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

**I. INFORME**

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2020, resultan os seguintes feitos:

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.06.2020 aprobáronse as bases e a convocatoria de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais (BOP nº 123, do 30.06.2020 e extracto no BOP nº 125, do 02.07.2020).

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instrutora do expediente, co informe da Comisión de avaliación de data 10.09.2020, formula proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a Acta da citada Comisión na que se detalla a proposta de concesión e denegación de subvencións reseñando, de ser o caso, o concepto e o importe das mesmas.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación nº 2310.489.00.00 ("*Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social*") do vixente orzamento de gastos, por un total de 62.290,00 €.

I.4. O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ó valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

I.5. O importe exacto a conceder ascende a **61.968,46 €**, unha vez minorada a diferenza existente entre a contía que lle correspondería segundo os puntos acadados e o importe solicitado polas entidades: "FADEMGGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA", "FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ", "ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO", "ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER", "FEDERACIÓN COGAMI PONTEVEDRA", "AGRUPACIÓN SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA", "ASOC PARKINSON DE VIGO", "ASOC. GALLEGA DE HEMOFILIA", "ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS (AGAFAN)"

I.6. As entidades solicitantes presentaron declaración responsable no Servizo de Benestar social de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Esta declaración substitúe á presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto, a simplificación na acreditación, segundo establecen o Art. 31.7 i) da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os Arts. 24.4 e 7 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.7. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de 61.968,46 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2020, segundo o seguinte desglose:



## Concello de Vigo

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE SEGUN PUNTUACION	IMPORTE CONCEDIDO
3	203878/301	ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	33	2.481,60	2.481,60
5	204138/301	FUNDACION ALDABA	32	2.406,40	2.406,40
30	205628/301	FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA	30	2.256,00	1.600,00
17	205265/301	FUNDACIÒ ISIDRE ESTEVE	29	2.180,80	2.180,80
33	205643/301	FUNDACIÓN AMIGÓ	29	2.180,80	2.180,80
45	205752/301	FUNDACION DE LA SANTA CREU	29	2.180,80	1.430,29
24	205446/301	FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	28	2.105,60	2.105,60
26	205458/301	ASOCIACION XARUMA	28	2.105,60	2.105,60
20	205397/301	ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO	27	2.030,40	1.579,05
21	205417/301	ASOCIACION DIGNIDAD GALICIA	26	1.955,20	1.955,20
4	204129/301	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	25	1.880,00	1.753,80
6	204479/301	ALENTO ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL	25	1.880,00	1.880,00
7	204504/301	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION ANHIDA	25	1.880,00	1.880,00
46	205754/301	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	25	1.880,00	1.628,77
28	205513/301	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	24	1.804,80	1.804,80
29	205627/301	DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN	24	1.804,80	1.804,80
43	205744/301	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	23	1.729,60	1.729,60
23	205442/301	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	22	1.654,40	1.654,40
27	205469/301	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	22	1.654,40	1.250,00
40	205718/301	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	22	1.654,40	1.654,40
8	204518/301	ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL	21	1.579,20	1.579,20

<b>Nº</b>	<b>EXPTE.</b>	<b>NOME ENTIDADE</b>	<b>PUNTUACION OBTIDA</b>	<b>IMPORTE SEGUN PUNTUACION</b>	<b>IMPORTE CONCEDIDO</b>
37	205683/301	ASOC CULTURAL GALLEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	21	1.579,20	1.579,20
12	205138/301	ASEM GALICIA	20	1.504,00	1.504,00
15	205167/301	RADIO ECCA FUNDACION CANARIA	20	1.504,00	1.504,00
44	205750/301	ASOCIACION GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS (AGAFAN)	20	1.504,00	1.495,77
2	203542/301	ASOC PARKINSON DE VIGO	19	1.428,80	1.324,88
10	204993/301	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	19	1.428,80	1.428,80
22	205422/301	ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ALBORADA)	19	1.428,80	1.428,80
25	205452/301	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	19	1.428,80	1.428,80
41	205719/301	ASOCIACION DA 3ª IDADE NEVOX	19	1.428,80	1.428,80
42	205743/301	APAMP ASOCIACION DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	19	1.428,80	1.428,80
16	205210/301	ASOCIACION ASPANAEX	18	1.353,60	1.353,60
38	205684/301	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	18	1.353,60	1.353,60
39	205687/301	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	18	1.353,60	1.353,60
11	205078/301	ASOC GALLEGA DE HEMOFILIA	17	1.278,40	1.101,10
14	205153/301	ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	17	1.278,40	1.278,40
9	204571/301	ASOCIACION PARA LA PROMOCION DE LA SALUD AMAINA	16	1.203,20	1.203,20
31	205639/301	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	15	1.128,00	1.128,00

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 18.06.2020:

<b>NOME ENTIDADE</b>	<b>PROXECTO</b>	<b>PUNTUACION OBTIDA</b>	<b>MOTIVO DESESTIMACION</b>	<b>IMPORTE CONCEDIDO</b>
----------------------	-----------------	--------------------------	-----------------------------	--------------------------



## Concello de Vigo

ASOCIACIÓN GALLEGA DE FIBROSIS QUISTICA	PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA	2	BASE 3.4	0,00
CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)	Servizo de Información, Asesoramento e Intervención Social para a Promoción da Autonomía Persoal das Persoas con Discapacidade	0	BASE 6. d) e) f) g)	0,00
ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA	NOVA SEMENTE: VIGOADICAM	2	BASE 3.4	0,00
BICOS DE PAPEL	ALOUMIÑO: PROXECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL O NENO CON PATOXÍA ONCOHEMOTOLÓXICA	3	BASE 3.4	0,00
SOCIEDAD PARA EL DESARROLLO DE IDEAS Y TECNICAS PARA MINUSVALIDOS FISI (SODIM)	ACTIVIDADE 2020	0	BASE 3.4	0,00
FUNDACION PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	VIGO PESQUEIRO CON I DE INCLUSIÓN PARA PERSOAS MIGRANTES E MINORÍAS ÉTNICAS	3	BASE 3.4	0,00
ASOCIACION KIARA DE APOYO A FAMILIAS MENORES Y MUJERES	VOA MOI ALTO	1	BASE 3.4 e BASE 6. g)	0,00
ASOCIACION KIARA DE APOYO A FAMILIAS MENORES Y MUJERES	PROXECTO VOLVORETA	0	BASE 3.4 e BASE 6. g)	0,00

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(801).- DAR CONTA DA SUCESIÓN POR TRANSMISIÓN DE RAMA DE ACTIVIDADE DE CLECE, S.A. A FAVOR DE KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A. NO CONTRATO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS (LOTES 1 E 2). EXPTE. 21847/332.**

Dáse conta do informe-proposta do 02/10/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

## ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 11 de abril de 2019, adjudicou a CLECE, S.A. o contrato de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (lotes 1 e 2 do expediente 21847/332).

Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse o 31 de maio de 2019, iniciándose as prestacións o 1 de xuño por un prazo de catro anos, con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Segundo.- O 16 de setembro de 2020, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº 200166924) a empresa CLECE, S.A. comunica a transmisión de rama de actividade a favor de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A., mediante a segregación e escisión parcial de rama de actividade, achegando declaración responsable de CLECE, S.A. na que se responsabiliza solidariamente con KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A. da execución do contrato. Indica o escrito que se acompaña escritura de segregación e transmisión de rama de actividade, pero non consta entre a documentación presentada.

En base ao anterior, con data do 18 de setembro de 2020, concedéuselle ao interesado un prazo de dez días para que puidese emendar a súa solicitude (artigo 68 da Lei 39/2015).

O 22 de setembro de 2020, CLECE, S.A. presentou a escritura de segregación da unidade económica da sociedade CLECE, S.A. (como sociedade segregada) a favor de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A. (como sociedade beneficiaria), outorgada perante o notario de Madrid, D. Alberto Bravo Olaciregui o 29 de xullo de 2020 (documento nº 200171119).

## FUNDAMENTOS JURÍDICOS

Primeiro.- Segundo o artigo 98 *“Supostos de sucesión do contratista”* da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público *“nos casos de división, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúe o contrato, que se subrogará nos dereitos e obrigas derivados dela, sempre que cumpra as condicións de capacidade, ausencia de prohibición para contratar e a solvencia requirida ao acordar a adjudicación ou que as distintas empresas beneficiarias das*



## Concello de Vigo

*operacións mencionadas e, se subsisten, a empresa da que proceden os activos, empresas ou sucursais segregadas, son responsables solidarios da execución do contrato. Se a subrogación non se puidese producir porque a entidade á que se atribúe o contrato non reúne as condicións de solvencia necesarias, rescindirase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario”.*

Consta no expediente declaración responsable de CLECE, S.A. na que se responsabiliza solidariamente con KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A. da execución do contrato.

Segundo.- A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

Á vista das anteriores consideracións, propónse a adopción do seguinte acordo:

*“Tomar razón da sucesión por transmisión de rama de actividade de CLECE, S.A. a favor de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A., responsabilizándose solidariamente da execución do contrato de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (lotes 1 e 2 do expediente 21847/332), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 11 de abril de 2019”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(802).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLÉS 2020”, COMO CONSECUENCIA DO COVID-19 OU AS MEDIDAS ADOPTADAS POLAS ADMINISTRACIÓNS PARA COMBATELO. EXPTE. 6522/241.**

Dáse conta do informe-proposta do 02/10/2020, da técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde INT/270/2020, de 21 de marzo, pola que se establecen criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes no imprescindibles desde terceiros países á UE e países asociados Schengen por razóns de orden público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE del 22 de marzo de 2020).
- Orde TMA/273/2020, de 23 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros (BOE del 24 de marzo de 2020)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, adoptou o acordo de adxudicar definitivamente a “Newlink Education, S.L” (CIF B-22.210.843) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión linguística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2018” (expte. 19872-332) por un prezo total de 1.704.465,00.-€ (IVE incluído), sendo o prezo unitario por alumno de 2.319,00 euros; todo elo de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2017 e a oferta presentada.

**Segundo.-** O contrato se formaliza en data 13 de febreiro de 2018 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, tendo un prazo de execución de dous anos contados dende o 14 de febreiro de 2018 e, estando prevista a posibilidade de dúas prórrogas, a primeira dun ano de duración (14/febreiro/2020 ao 13/ febreiro/2021) e a segunda por un periodo máximo de 9 meses, debendo finalizar o contrato o 31 de decembro do ano 2021.





## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“ 1º.- Autorizar a **1ª prórroga por un ano do contrato** para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2020” (expte. 19872-332) para o período comprendido entre o **14/02/2020 e o 13/02/2021**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.*

*2º.- Autorizar e comprometer un gasto de **1.704.465,00.-€**, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) , que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento futuro do 2020.”*

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 6 de marzo de 2020, acordou aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos (Expte. 24174-332).

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 51 de data 13-03-2020 as bases específicas desta convocatoria. De conformidade co recollido na Base 3ª.3 “Duración da estadia programa Vigo en Inglés 2020” reguladora da antedita convocatoria: *“O programa, de tres semanas de duración, se realizará preferentemente entre a primeira quincena de setembro de 2020 e a primeira semana de outubro de 2020. Con todo, o calendario definitivo comunicarse aos adxudicatarios nas reunións informativas que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo en estreita colaboración coa empresa neste intre adxudicataria “New Link Education S.L.”.*

**Quinto.-** Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Sexto.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

**Sétimo.-** A Orde INT/270/2020, de 21 de marzo, estableceu criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á UE e países asociados Schengen por razóns de orden público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Octavo.-** A Orden TMA/273/2020, de 23 de marzo, ditou instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros.

**Noveno.-** O Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dous apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

**Décimo.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 5 de xuño de 2020, acordou aprobar a modificación da base cuarta das bases específicas para o desenvolvemento da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (Vigo en Inglés 2020) dirixidas ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos (Expte. 24174-332), que quedou redactada como segue:

*“O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da modificación das bases aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)”.*

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 109 de data 9-06-2020 o anuncio da modificación da base IV das bases reguladoras desta convocatoria.

**Undécimo.-** “New Link Education SL” presenta en data 22/07/2020 dous escritos con idéntico contido a través do rexistro electrónico co código de solicitude W455811-3875 e nº de doc 200132971 e co código de solicitude W455814-4663 e nº de doc 200132977, nos que con motivo da crise do Covid-19 solicita do órgano de contratación unha ampliación de 6 meses do prazo de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020”. Este programa municipal de inmersión lingüística de tres semanas de duración en High Schools de Reino Unido e Irlanda, propón implementalo en destino cando as circunstancias de seguridade sanitaria permitan a súa realización con todas as garantías para o alumnado vigués beneficiario. Asemade declara que ao ser concedida esta prórroga, os dereitos e intereses lexítimos da empresa quedan satisfeitos coa execución e abono do contrato “Vigo en Inglés 2020” no período de prórroga solicitado.

**Duodécimo.-** En data 16 de setembro de 2020, o técnico medio de actividades culturais e educativas e a xefa do servizo de Educación informan o seguinte:

*“ O actual adxudicatario “New Link Education SL” do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2020”, presenta en data 22/07/2020 dous escritos con idéntico contido a través do rexistro electrónico co código de solicitude W455811-3875 e nº de doc 200132971 e co código de solicitude W455814-4663 e nº de doc 200132977, nos que con motivo da crise do Covid-19 solicita do órgano de contratación unha ampliación de 6 meses do prazo de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020”. Este programa municipal de inmersión lingüística de tres semanas de duración en High Schools de Reino Unido e Irlanda, propón implementalo en destino cando as circunstancias de seguridade sanitaria permitan a súa realización con todas as garantías para o alumnado vigués beneficiario, preferentemente como opción principal entre a 2ª quincena de xuño e a 1ª quincena de xullo de 2021, periodo inda lectivo escolar nos citados países de destino.*

*Conforme ao previsto no artigo 34.2 do RD-L 8/2020 do 17 marzo, polo que se adoitan medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do Covid (BOE Nº 73 do 18/03/2020) : “Nos contratos públicos de servizos e subministros distintos dos referidos no apartado anterior, vixentes á entrada en vigor deste real decreto lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, sempre e cando éstos non tiveran perdido a súa*



## Concello de Vigo

*finalidade como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19, cando o contratista incurra en demora no cumprimento dos prazos previstos no contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatilo, e o mesmo ofrezca o cumprimento dos seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial ou a prórroga en curso, o órgano de contratación o concederá, dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido polo motivo mencionado, a non ser que o contratista solicitara outro menor. O órgano de contratación concederalle ao contratista a ampliación do prazo, previo informe do Director de obra do contrato, onde se determine que o retraso non é por cause imputable ao contratista, senon que se ten producido como consecuencia do COVID-19 nos términos indicados no parágrafo anterior. Nestos casos non procederá a imposición de penalidades ao contratista nin a resolución do contrato. Adicionalmente, nos casos aos que se refire este apartado no seu primeiro parágrafo, os contratistas terán dereito ao abono dos gastos salariais adicionais nos que efectivamente tivera incurrido como consecuencia do tempo perdido con motivo do COVID-19, ata un límite máximo do 10 por 100 do prezo inicial do contrato. Solo procederase a dito abono previa solicitude e acreditación fehaciente da realidade, efectividade e contía polo contratista de ditos gastos”.*

*En consecuencia, o responsable do contrato emite este informe sobre se concorren as circunstancias que motivan a solicitude do actual adxudicatario e determinar se procede propor aprobar por parte da Xunta de Goberno Local a ampliación do prazo de execución do contrato por un periodo igual ao tempo perdido como consecuencia da problemática situación xerada pola COVID-19, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan a imposibilidade de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020” e se acredite por parte da empresa adxudicataria que se está en condicións de reanudar a execución do mesmo, previo informe favorable do responsable do contrato.*

*Á vista deste informe remitirase o expediente o Servizo de Contratación que formulará a correspondente proposta ao órgano de contratación para acordala ou non, segundo o proposto polo responsable do contrato.*

*O contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2020”, ten as seguintes características:*

### **-Tipo de contrato.**

*O contrato é de servizos en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 34 do TRLCSP)*

### **CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:**

- CPV: 92000000-1 (Servizos de esparcemento, culturais e deportivos)
- CATEGORÍA DO SERVIZO ANEXO II DO TRLCSP: 26 (Servizos de esparcemento, culturais e deportivos)

### **-Obxecto do contrato segundo a súa definición no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)**

O obxecto do contrato é a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante a viaxe, estadía e integración escolar durante tres semanas nun High School de Reino Unido e/ou Irlanda en período lectivo “Vigo en Inglés” que o Concello de Vigo oferta anualmente a través do Servizo de Educación, para a mellora da competencia lingüística en inglés e para promover a aprendizaxe e o perfeccionamento no uso da lingua inglesa do alumnado de 4º da ESO matriculado en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos.

**-Prestacións que abarca o obxecto do contrato definidas no prego de prescricións técnicas particulares (PPT).**

O Prego Técnico prevé unhas características básicas e descrición da prestación do servizo que consiste no seguinte:

- A xestión integral da estadía de inmersión lingüística mediante integración escolar en High Schools (debendo asignarse un mínimo do 80% da totalidade do alumnado participante a High Schools de Reino Unido e un máximo do 20% da totalidade do alumnado participante a High Schools de Irlanda), na que se inclúen os institutos ou escolas de integración públicos ou privados de Reino Unido e/ou Irlanda, as familias de acollida, as localidades de destino e a programación completa de actividades.
- A xestión integral dos preparativos da viaxe, na que se inclúe a plena información, coordinación e asistencia técnica ás familias e participantes con carácter previo á saída ao destino, e ao longo da estadía de inmersión.
- O traslado de todos os participantes dende Vigo ata o destino asignado no programa e regreso.
- O transporte interior, aloxamento e mantenza en réxime de pensión completa en familias de acollida no destino adxudicado a cada participante.
- O desenvolvemento do curso intensivo de perfeccionamento de lingua inglesa para a adaptación á integración lingüística do alumnado participante, cuxas características básicas se recollen nos apartados correspondentes do PPT.
- O desenvolvemento do programa lectivo, extraescolar e de lecer cuxas características básicas se recollen nos apartados correspondentes do PPT.
- O coidado, monitoraxe e atención integral aos participantes dende o momento da saída e ata o regreso do destino, nos termos recollidos no PPT.
- A colaboración co servizo municipal de educación e baixo as directrices deste último, nas tarefas administrativas e edición e difusión do soporte documental específico conducente á resolución do procedemento específico e convocatoria que con carácter anual determine este servizo municipal, para a selección do alumnado participante no programa “Vigo en Inglés”.
- A organización de toda a loxística correspondente ao desenvolvemento do acto final de entrega de diplomas ao alumnado e familias participantes no programa.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 17 de Xaneiro de 2018, acordou adxudicar definitivamente a Newlink Education S.L. (CIF B-22210843), o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés 2018” (expte. 19872/332) por un prezo total de 1.704.465,00.-€ (Ive incluído), sendo o prezo unitario por alumno de 2.319,00.-€ e comprometéndose a aportar unha serie de melloras:



## Concello de Vigo

- *Propón un incremento de 15 alumnos a maiores dos 735 contemplados no punto 4.1 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas particulares (PPT).*
- *Propón un incremento de 6 monitores/as por enriba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do PPT.*
- *Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas (MCER) do 100%*
- *Comprométese a achegar as seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento da lingua inglesa:*
  - *Propón un incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento en lingua inglesa a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.*
  - *Propón unha redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.*

*Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 7 de Setembro de 2017, e a oferta presentada.*

*O día 13 de Febreiro de 2018 asinouse o contrato entre o Concello de Vigo e Newlink Education S.L., para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés 2018”. A cláusula 4 do mesmo, recolle que o prazo do contrato terá unha duración de dous anos, comenzando ao día seguinte á data da súa última sinatura dixital, estando contempladas dúas posibles prórrogas, a primeira dun ano, e a segunda por un período máximo de 9 meses, debendo finalizar o contrato o día 31 de decembro de 2021.*

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019, adoptou o seguinte acordo sobre a prórroga do contrato de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “Vigo en Inglés 2020” (Expte. 19872-332):*

- *Autorizar a **1ª prórroga por un ano do contrato** para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS 2020” (expte. 19872-332) para o período comprendido entre o **14/02/2020 e o 13/02/2021**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.*
- *Autorizar e comprometer un gasto de 1.704.465,00.-€, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”), que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento futuro do 2020.*

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 6 de marzo de 2020, acordou aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos (**Expte. 24174-332**).*

*Publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 51 de data 13-03-2020 as bases específicas desta convocatoria. De conformidade co recollido na Base 3ª.3*

*“Duración da estadía programa Vigo en Inglés 2020” reguladora da antedita convocatoria: “O programa, de tres semanas de duración, se realizará preferentemente entre a primeira quincena de setembro de 2020 e a primeira semana de outubro de 2020. Con todo, o calendario definitivo comunicárase aos adxudicatarios nas reunións informativas que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo en estreita colaboración coa empresa neste intre adxudicataria “New Link Education S.L.”.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 5 de xuño de 2020, acordou aprobar a modificación da base cuarta das bases específicas para o desenvolvemento da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (Vigo en Inglés 2020) dirixidas ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos (Expte. 24174-332), que quedou redactada como segue:*

*“O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da modificación das bases aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)”.*

*Publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 109 de data 9-06-2020 o anuncio da modificación da base IV das bases reguladoras desta convocatoria.*

#### ***-Identificación das prestacións cuxa execución deveu imposible e xustificación da causa.***

*A solicitude dunha ampliación do prazo de execución do contrato por un período igual ao tempo perdido como consecuencia da problemática situación xerada pola COVID-19, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan a imposibilidade de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020” e se acredite por parte da empresa adxudicataria que se está en condicións de reanudar a execución do mesmo (propón preferentemente como opción principal desenvolver as estadías lingüísticas entre a 2ª quincena de xuño e a 1ª quincena de xullo de 2021), é consecuencia da extensión a nivel mundial da pandemia sanitaria provocada pola propagación do virus Covid-19 e as súas negativas consecuencias, polo que cómpre estudar e valorar todas as previsións para considerar o mellor período de implementación en Reino Unido e/ou Irlanda coas condicións de seguridade sanitaria axeitadas en destino para desenvolver o programa municipal “Vigo en Inglés” da presente edición 2020, que habitualmente se ven desenvolvendo entre a 2ª quincena de setembro e a 1ª quincena de outubro de cada ano natural.*

*Derivado deste escenario de excepcionalidade e complicado contexto actual, existen moitas incertidumes e elementos críticos que cómpre ter en conta, e que imposibilitan, condicionan e dificultan enormemente para a empresa adxudicataria e o alumnado beneficiario a xestión e o desenvolvemento óptimo das estadías de inmersión lingüística do programa municipal “Vigo en Inglés 2020”:*

- Nestes intres non están mínimamente garantidas en niveis axeitados as condicións sanitarias e de seguridade do alumnado participante, nas datas que habitualmente se ven desenvolvendo o programa en edicións anteriores, é dicir, entre a 2ª quincena de setembro de 2020 e ao longo de tres semanas regresando na 1ª quincena de outubro de 2020. Polo tanto, como consecuencia da situación provocada polo Covid-19, a realización deste programa municipal formativo-lingüístico durante as datas*



## Concello de Vigo

*indicadas, suporía pór ao alumnado beneficiario en risco para a súa saúde e seguridade.*

- A existencia de limitacións para poder viaxar e futuras restricións na mobilidade internacional de cidadáns, afecta sobremaneira á planificación das viaxes e estadas linguísticas no Reino Unido e Irlanda, países golpeados con virulencia polo Covid-19 e nos que ten lugar a inmersión linguística que promove esta iniciativa didáctica municipal.*
- Inda están pendentes de aplicar e avaliar os resultados das directrices e protocolos concretos sobre as medidas preventivas e de seguridade que limiten a propagación do virus (uso de mascarillas, distancias de seguridade, ratios permitidos, normas de realización de actividades complementarias e extraescolares ...) propostos polas Administracións Educativas Competentes para enfrontarse ao inicio do próximo curso académico en Galicia e nos países de destino, coa consecuenta incidencia negativa nos Institutos de Ensino Secundario de Vigo e nos High School ingleses e irlandeses que participan nesta inmersión linguística. Esta incertidume fai que moitos equipos directivos dos High Schools en Reino Unido e/ou Irlanda se amosen reticentes a recibir estudantes internacionais ao inicio do curso lectivo escolar 2020-2021, é dicir, durante os meses de setembro e outubro de 2020.*

*Asímesmo, os primeiros trimestres do vindeiro curso lectivo escolar serán complicados e complexos nos institutos vigueses, que deberán centrar os seus esforzos en compensar e recuperar todas as carencias de aprendizaxe no alumnado que provocou a ausencia de ensinanza presencial motivada polo Covid-19, e polo tanto tamén cómpre minimizar na medida do posible no alumnado da nosa cidade a perda académica de clases lectivas.*

- Non existen protocolos por parte das autoridades españolas para evitar a saída de España de pacientes asintomáticos e tampouco os teñen as autoridades inglesas e irlandesas para controlar a entrada de potenciais enfermos asintomáticos, o cal implica unha sensación de inseguridade nas familias de acollida en destino que queren ter garantías de non acoller alumnado que poida ter Covid-19. Isto provoca que un número moi significativo de familias inglesas e irlandesas que habitualmente acollen alumnado vigués, teñen expresado as súas reticencias a acoller estudantes ate que a situación sanitaria esté plenamente controlada mediante vacina ou tratamento médico efectivo, ou calquera outro medio que lles ofrezca garantías de non poñer en risco a súa saúde. Do mesmo xeito, tampouco se ten garantía algunha de que as familias de acollida en destino poidan ter integrantes da unidade familiar enfermos asintomáticos, que poidan transmitir a enfermidade ao alumnado que acollan. Inda que na poboación xove a enfermidade está asociada a unha sintomatoloxía leve, calquera alumno/a da nosa cidade que se contaxiase sería sometido a coarentena e iso implica un risco para a súa saúde, un gran trastorno loxístico -organizativo e lle impediría disfrutar plenamente da experiencia lingüística.*
- Este escenario de excepcionalidade e complicado contexto actual, coa rápida escalada da crise de saúde pública xerada polo coronavirus Covid-19 e os continuos rebotes, deriva nunha situación sen precedentes a nivel global que imposibilita, condiciona e dificulta enormemente toda a xestión empresarial da adxudicataria do contrato "Vigo en Inglés 2020" e nomeadamente os procesos de planificación e reserva das viaxes con antelación suficiente xa que as rutas de avión sofren constantemente modificacións e cancelacións, ao igual que a selección e nula disponibilidad de familias de acollida e aloxamentos en destino, e todas as incertidumes provocan a ausencia de información concreta ás familias e alumnado*

*participante neste programa municipal sobre a loxística e pormenores organizativos das viaxes e estadias de inmersión lingüística en destino.*

*Consecuencia desta situación tan complexa e anómala, a solicitude da ampliación do prazo de execución do contrato por un periodo igual ao tempo perdido como consecuencia da problemática situación xerada pola COVID-19, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan a imposibilidade de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020” e se acredite por parte da empresa adxudicataria que se está en condicións de reanudar a execución do mesmo (propón preferentemente como opción principal desenvolver as estadias lingüísticas entre a 2ª quincena de xuño e a 1ª quincena de xullo de 2021); parece razoable, ante a imposibilidade de execución de xeito óptimo das xestións para que o alumnado beneficiario do programa municipal “Vigo en Inglés 2020”, poida viaxar no periodo habitual entre a 2ª quincena de setembro e 1ª quincena de outubro de 2020, a Reino Unido e/ou Irlanda coas condicións de seguridade sanitaria axeitadas para o desenvolvemento óptimo das estadias de inmersión lingüística.*

#### **Prezo do contrato “Vigo en Inglés 2020”**

**O prezo para executar a 1ª prórroga do contrato é de 1.704.465,00.-€, segundo documento contable AD 3601 do exercizo orzamentario 2020 con cargo á partida 3260.2279917 do “Programa Educativo Aulas Internacionais”, polo que cómpre que esta dotación orzamentaria se teña en conta como remanente para o vindeiro exercizo orzamentario do 2021.**

*A edición “Vigo en Inglés 2018” executouse ao longo de tres semanas de estadia en Irlanda e Reino Unido cun alto grao de satisfacción e co cumprimento total do obxecto do contrato, no periodo do 17 de setembro ao 15 de outubro de 2018 para 736 beneficiarios/as de 4º da ESO, divididos en grupos de preto de 25 alumnos/as que tiveron ocasión de participar nesta iniciativa municipal de inmersión lingüística en High Schools de integración nas seguintes localidades inglesas e irlandesas: Bexleyheat, Eltham, Orpington, Hornsey, Hafod, Portaraddulais, Port Talbot, Totnes, Prestatyn, Flintshire, Sunbury, Godalming, Bodmin, Bournemouth, Broadclyst, Cranbrook, Exeter, Ferndown, Heavitree, New Milton, Ottery St. Mary, Plymouth, St. Austell, Costessey, Hellesdon, Oxford, Eastbourne, Bedford, Milton Keynes, Peterborough, Surbiton, Wandsworth, Coulsdon, Boadming, Woking, Bury St. Edmunds, Cabra, Castledermot, Carlow, Donabate, Swords, Malahide e Sligo.*

*A edición “Vigo en Inglés 2019” executouse ao longo de tres semanas de estadia en Irlanda e Reino Unido cun alto grao de satisfacción e co cumprimento total do obxecto do contrato, no periodo do 16 de setembro ao 14 de outubro de 2019 para 897 beneficiarios/as de 4º da ESO, divididos en grupos de preto de 25 alumnos/as que tiveron ocasión de participar nesta iniciativa municipal de inmersión lingüística en High Schools de integración nas seguintes localidades inglesas e irlandesas: Eltham, Orpington, Hornsey, Hafod, Port Talbot, Totnes, Prestatyn, Flintshire, Cadoxton, Sunbury, Godalming, Bournemouth, Broadclyst, Cranbrook, Exeter, Heavitree, New Milton, Ottery St. Mary, Thorpe, Gorleston, Chester, Costessey, Hellesdon, Highcliffe, Hendon, Newquay, Crosby, Southport, Liverpool, Oxford, Eastbourne, Exmouth, Wonford, Milton Keynes, Oxted, Kingston, Peterborough, Molesey, Woking, Cabra, Headington, Castledermot, Carlow, Swords, Grange, Donaghmade, e Kells.*





## Concello de Vigo

### **Réxime de pagamentos segundo a súa definición no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)**

Aos efectos de pagamento a empresa adxudicataria deberá presentar facturas orixinais correspondentes á prestación do servizo desenvolvido para a xestión, organización e desenvolvemento do programa VIGO EN INGLÉS. A derradeira factura deberá ir acompañada da Memoria avaliativa prevista nas cláusulas 4.9 e 7 do Prego de condicións técnicas e do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade coa prestación do contrato e cos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto do contrato.

Atendendo ás especiais características do mercado e das empresas que prestan servizos de inmersión lingüística no estranxeiro, realizarase o seguinte réxime de pagamentos que se corresponden cos servizos prestados e coas actividades desenvolvidas, comprendidas nos seguintes períodos de execución do contrato:

- **Primeiro pago do 25% (mes de agosto):** en concepto de recrutamento de monitores/as, xornadas de formación de monitores/as, póliza de seguros, viaxe de prospección, materiais auxiliares e didácticos, camisetas alumnado, curso mellora e perfeccionamento de lingua inglesa, mantemento e actualización páxina web, varios (información e asistencia a participante e familias, xuntanzas informativas familias, mensaxería ...).
- **Segundo pago do 25% (mes de setembro):** en concepto de voos, traslados en destino, gastos monitores/as (teléfono, internet, uniformes ...) varios (información e asistencia a participantes e familias...).
- **Terceiro pago do 50% (mes de novembro):** en concepto de aloxamento e manutención alumnado, servizo de coordinación local e integración escolar en cidades destino, programa de actividades en destino, soldo-aloxamento-manutención monitoraxe, visita de inspección, varios (información e asistencias a participantes e familias, bonos transporte alumnado e monitoraxe, diplomas participantes, acto entrega diplomas ...).

Seguirase o mesmo criterio de facturación no segundo ano de contrato e nas posibles prórrogas previstas no prego.

En consecuencia, para a edición "Vigo en Inglés 2020" proponse implementar preferentemente como opción principal o desenvolvemento das estadías lingüísticas no período comprendido entre a 2ª quincena de xuño e a 1ª quincena de xullo de 2021, período escolar inda lectivo nos High Schools de Reino Unido e/ou Irlanda; e igualmente parece razoable propoñer un axuste do réxime de pagamento que se correspondan cos servizos prestados e coas actividades desenvolvidas ao prazo de ampliación que se acorde :

- **Primeiro pago do 25% (mes de maio 2021)**
- **Segundo pago do 25% (mes de xuño 2021)**
- **Terceiro pago do 50% (mes de xullo 2021)**

#### **-Norma que avala esta imposibilidade.**

- Na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do goberno de España, nas recomendacións de viaxe a Reino Unido actualizado a 28 de xullo

de 2020 en relación ao marco da evolución da pandemia do COVID-19 informa que, todo viaxeiro debe contar coa posibilidade de verse afectado no estranxeiro por restricións de calquera tipo que impidan ou alteren a súa liberdade de movemento. En concreto advírtese que, desde o pasado 25 de xullo as autoridades británicas incluíron a España na lista de países non exentos de realizar unha corentena ao viaxar ao Reino Unido. Así, todos os pasaxeiros que cheguen ao Reino Unido desde España deberán auto-aislarse durante 14 días de forma obrigatoria.

- Artigo 34.2 de “Medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do Covid-19” do RD-L 8/2020 do 17 marzo, polo que se adoitan medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do Covid (BOE Nº 73 do 18/03/2020): “Nos contratos públicos de servizos e subministros distintos dos referidos no apartado anterior, vixentes á entrada en vigor deste real decreto lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, sempre e cando éstos non tiveran perdido a súa finalidade como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19, **cando o contratista incurra en demora no cumprimento dos prazos previstos no contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatilo, e o mesmo ofrezca o cumprimento dos seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial ou a prórroga en curso, o órgano de contratación o concederá, dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido polo motivo mencionado, a non ser que o contratista solicitara outro menor. O órgano de contratación concederalle ao contratista a ampliación do prazo, previo informe do Director de obra do contrato, onde se determine que o retraso non é por cause imputable ao contratista, senon que se ten producido como consecuencia do COVID-19 nos términos indicados no parágrafo anterior. Nestos casos non procederá a imposición de penalidades ao contratista nin a resolución do contrato.**

- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE del 14 de marzo de 2020): “Artículo 14. Medidas en materia de transporte. 1. En relación con todos los medios de transporte, cualquiera que sea la Administración competente sobre los mismos, se aplicará lo siguiente: a) El Ministro de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana queda habilitado para dictar los actos y disposiciones que, en la esfera específica de su actuación, sean necesarios para establecer condiciones a los servicios de movilidad, ordinarios o extraordinarios, en orden a la protección de personas, bienes y lugares (...) 2. Asimismo, se adoptan las siguientes medidas aplicables al transporte interior: a) En los servicios de transporte público de viajeros por carretera, ferroviarios, aéreo y marítimo que no están sometidos a contrato público u obligaciones de servicio público (OSP), los operadores de transporte reducirán la oferta total de operaciones en, al menos, un 50 %. Por resolución del Ministro de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana se podrá modificar este porcentaje y establecer condiciones específicas al respecto.

- Orde INT/270/2020, de 21 de marzo, pola que se establecen criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes no imprescindibles desde terceiros países á UE e países asociados Schengen por razóns de orden público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE del 22 de marzo de 2020): “Artículo 1 Criterios aplicables para denegar la entrada por razones de orden público y salud pública con motivo de la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.



## Concello de Vigo

*A efectos de lo establecido en los artículos 6, párrafo 1.º, letra e), y 14 del Reglamento (UE) 2016/399 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 9 de marzo de 2016, por el que se establece un Código de normas de la Unión para el cruce de personas por las fronteras (Código de fronteras Schengen), será sometida la denegación de entrada, por motivos de orden público o salud pública, toda persona nacional de un tercer país, salvo que pertenezca a una de las siguientes categorías: (...)* ”

*- Orde TMA/273/2020, de 23 de marzo, pola que se dictan instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeros (BOE del 24 de marzo de 2020): “Artículo 1. Reducción del porcentaje de servicios de transporte de viajeros no sometidos a contrato público u obligaciones de servicio público. En los servicios de transporte público de viajeros ferroviarios, aéreo y marítimo que no están sometidos a contrato público u obligaciones de servicio público (OSP), previstos en el artículo 14.2 a) del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, los operadores de transporte reducirán la oferta total de operaciones en, al menos, un 70%. Este porcentaje podrá ser modificado por el operador por causa justificada, teniendo en cuenta que, en todo caso, deben adoptarse las medidas necesarias para procurar la máxima separación posible entre los pasajeros.*

### **-Declaración da empresa adxudicataria para evitar prexuízos**

*A adxudicataria “New Link Education SL” recolle explícitamente no seus escritos de solicitude de ampliación do prazo de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020”, que no caso de ser concedida esta ampliación os dereitos e intereses lexítimos da empresa quedarán satisfeitos coa execución e abono do contrato “Vigo en Inglés 2020” no periodo de prórroga solicitado.*

***-Proposición de solicitude de ampliación do prazo de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020” por un periodo igual ao tempo perdido como consecuencia da problemática situación xerada pola COVID-19, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan a imposibilidade de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020” e se acredite por parte da empresa adxudicataria que se está en condicións de reanudar a execución do mesmo (estimándose como opción principal desenvolver as estadías lingüísticas entre a 2ª quincena de xuño e a 1ª quincena de xullo de 2021)***

*Como se indica na súa solicitude de ampliación do prazo de execución do contrato, a empresa adxudicataria “New Link Education SL” por causas imputables á complicada situación xerada polo Covid-19, ten moitas dificultades para poder concretar e xestionar todos os pormenores da loxística organizativa previa que se precisa para un óptimo e axeitado desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés 2020” en destino nos High Schools de Reino Unido e/ou Irlanda, entre a 2ª quincena de setembro de 2020 e ao longo de tres semanas ata a 1ª quincena de outubro de 2020.*

*A empresa solicita no seus escritos unha ampliación de 6 meses do prazo de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020” proponendo a implementación en destino cando as circunstancias de seguridade sanitaria permitan a súa realización con todas as garantías para o alumnado vigués beneficiario.*

*Resultaría razoable e xustificado pospoñer a implementación deste programa municipal para o remate do vindeiro curso lectivo escolar 2020-2021 cando previsiblemente se*

*normalice a situación e as circunstancias de seguridade sanitaria permitan a súa realización con todas as garantías por parte do alumnado beneficiario, é dicir, no periodo comprendido entre a 2ª quincena de xuño e a 1ª quincena de xullo de 2021, periodo escolar inda lectivo nos High Schools de Reino Unido e/ou Irlanda.*

*Non entanto, diante da incertidume da situación actual como consecuencia do COVID-19 non é posible determinar o prazo de ampliación nin as datas das estadías linguísticas polo que se propón a ampliación do prazo de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020” por un periodo igual ao tempo perdido como consecuencia da problemática situación xerada pola COVID-19, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan a imposibilidade de execución do contrato “Vigo en Inglés 2020” e se acredite por parte da empresa adxudicataria que se está en condicións de reanudar a execución do mesmo.*

*Asemade o contrato no perde a súa finalidade, a empresa adxudicataria está con vontade manifesta e en condicións de prestalo, sendo de interese para esta administración local a súa execución, pois resulta de interese público e de interese xeral das familias e alumnado participante o desenvolvemento óptimo e implementación en datas axeitadas do programa municipal “Vigo en Inglés 2020”.*

**Décimo terceiro.-** Na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do goberno de España, nas recomendacións de viaxe a Reino Unido en relación ao marco da evolución da pandemia do COVID-19 se informa que, todo viaxeiro debe contar coa posibilidade de verse afectado no estranxeiro por restricións de calquera tipo que impidan ou alteren a súa liberdade de movemento. En concreto advírtese que, desde o pasado 25 de xullo as autoridades británicas incluíron a España na lista de países non exentos de realizar unha corentena ao viaxar ao Reino Unido. Así, todos os pasaxeiros que cheguen ao Reino Unido desde España deberán auto-aislarse durante 14 días de forma obrigatoria.

**Décimo cuarto.-** En data 17 de setembro de 2020 emitíuse un informe proposta recoñecendo a imposibilidade de execución do contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión linguística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2020” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19, ampliando o prazo execución do contrato por un período igual ó tempo perdido e, outorgándolle un trámite de audiencia de 10 días ao contratista.

Este informe notificóuselle o día 21 de setembro de 2020.

**Décimo quinto.-** En data 1 de outubro de 2020, no prazo do trámite de audiencia, D. José María Pascual Franco, en representación de New Link Education SL, presenta escrito de alegacións prestando a súa conformidade a proposta.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19 OU AS MEDIDAS ADOPTADAS POLO ESTADO, AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS OU A ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA COMBATILO.**



## Concello de Vigo

No artigo 34.2 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a ampliación do prazo inicial ou a prórroga en curso dos prazos previstos nos contratos públicos de servizos e de subministro, distintos dos referidos no artigo 34.1 de dito Real Decreto, cando o contratista incorra en demora no cumprimento dos prazos previstos no contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas o a Administración Local para combatilo.

No suposto de concederse a ampliación do prazo, adicionalmente os contratista tendrán dereito ao abono dos gastos salariais adicionais nos que efectivamente incorrese como consecuencia do tempo perdido con motivo do COVID-19, ata un límite do 10% do precio inicial do contratos. Só se procederá a dito abono previa solicitude e acreditación fehaciente da realidade, efectividade e contía polo contratista de ditos gastos.

### II-

#### **PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19 OU AS MEDIDAS ADOPTADAS POLO ESTADO, AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS OU A ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA COMBATILO.**

No devandito artigo 34.2 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, se prevé a ampliación do prazo inicial ou a prórroga en curso dos prazos previstos nos contratos públicos de servizos e de subministro sempre e cando concorran os seguintes **requisitos**:

- Que o contrato non perdesse a súa finalidade como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19.
- Que o contratista incorra en demora no cumprimento dos prazos previstos no contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo.
- Que o contratista ofrezca o cumprimento dos seus compromisos si ampliáselle o prazo inicial ou a prórroga en curso.

No caso que nos ocupa concorren os citados requisitos:

- Do informe do servizo xestor e da solicitude do contratista se deduce que o contrato non perdeu a súa finalidade como consecuencia da situación xerada polo COVID-19, así no dito informe se sinala que: *“Asemade o contrato no perde a súa finalidade, a empresa adxudicataria está con vontade manifesta e en condicións de prestalo, sendo de interese para esta administración local a súa execución, pois resulta de interese público e de interese xeral das familias e alumnado participante o desenvolvemento óptimo e implementación en datas axeitadas do programa municipal “Vigo en Inglés 2020”.*”

De feito se identifican as prestacións pendentes de execución:

*“o programa municipal “Vigo en Inglés” da presente edición 2020, que habitualmente se ven desenvolvendo entre a 2ª quincena de setembro e a 1ª quincena de outubro de cada ano natural.”*

- É un feito indubitado que por mor da imposibilidade de prestar o servizo como consecuencia da normativa de aplicación, o contratista incorrerá en mora na execución do contrato. Así o determinan os escritos citados.
- Con respecto ó último dos requisitos, New Link Education no seu escrito manifesta que *“En caso de ser concedida esta prórroga, Newlink Education nos comprometemos a realizar el programa tan pronto sea posible hacerlo con todas las garantías para el alumnado beneficiario”*.

Respecto **ao prazo de ampliación** e, de conformidade co informe do servizo xestor, procede conceder unha ampliación do prazo de execución do contrato de, polo menos, igual ao tempo perdido, salvo que o contratista pedise outro menor. Neste intre, como aínda non cesaron as circunstancias que determinan a imposibilidade de execución do contrato non é posible determinar a duración da ampliación. Unha vez que cesen estas circunstancias o contratista deberá presentar nova solicitude concretando a duración da ampliación, o cal deberá ser informada favorablemente polo responsable do contrato.

Con relación ó **procedemento** o artigo limitase a precisar que a concesión da ampliación do prazo será expresa, e esixe como trámite preceptivo un informe previo do responsable do contrato ou, no seu caso, do servizo xestor, que determine que o atraso non é por causa imputable ao contratista, senón como consecuencia do COVID-19

Con respecto a **indemnización de gastos ó contratista**, dispón este artigo que os contratistas terán dereito ó aboamento dos gastos salariais adicionais nos que efectivamente incorresen como consecuencia do tempo perdido con motivo do COVID-19, ata un límite máximo do 10 por 100 do prezo inicial do contrato. Para proceder o abono dos mesmos deberá mediar a previa solicitude do contratista que deberá acreditar fehacientemente a súa realidade, efectividade e contía.

En consecuencia, e de conformidade co informe obrante no expediente procede acordar a ampliación do prazo de execución do contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2020”, por un prazo igual ó perdido por causa do Covid-19, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan a imposibilidade de executar o contrato, sempre que acredite que está en condicións de reanudar a execución do contrato.

-III-

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



## Concello de Vigo

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

*“1º.- Recoñecer a imposibilidade de execución do contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS 2020” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, ampliar o prazo execución do contrato por un período igual ó tempo perdido polos motivos mencionados, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan esta imposibilidade e acredite que está en condicións de reanudar a execución do contrato, previo informe favorable do responsable do contrato.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(803).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR . EXPTE. 102783/140.**

Visto o informe de fiscalización do 29/09/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2020.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202000023174	9120.2310000	1.000,00	150,13	13/04/20	25/07/20	13/07/20	849,87	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202000023221	9120.2260100	2.000,00	545,05	13/04/20	24/07/20	13/07/20	1.454,95	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202000024837	9120.2269900	700,00	655,49	20/04/20	24/07/20	20/07/20	44,51	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202000024873	9121.2200100	1.100,00	1.150,10	23/04/20	24/07/20	23/07/20	0,00	50,10

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación or- zamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de paga- mento</i>	<i>Data Real xustica- ción</i>	<i>Data legal de xustifica- ción</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a fa- vor</i>
Abalde Comesaña Raquel	202000048896	9120.2260100	1.000,00	1.199,55	29/07/20	28/08/20	29/10/20	0,00	199,55
Álvarez Vázquez Daniel	202000022464	2310.4800000	200.000,00	197.663,79	03/04/20	14/05/20	03/07/20	2.336,21	0,00
Álvarez Vázquez Daniel	202000031884	2310.4800000	300.000,00	293.939,32	21/05/20	21/08/20	21/08/20	6.060,68	0,00
Fernández Fernández Paz	202000028776	2310.4800000	72.000,00	71.952,81	12/05/20	19/06/20	12/08/20	47,19	0,00
García Álvarez Luis	202000004247	9200.2219902	500,00	543,59	16/01/20	23/07/20	16/04/20	0,00	43,59
García Álvarez Luis	202000007967	9201.2260300	246,84	246,84	30/01/20	18/06/20	30/04/20	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202000011630	9201.2260300	540,50	540,50	19/02/20	20/06/20	19/05/20	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202000022069	2311.4800000	3.800,00	3.800,00	01/04/20	25/06/20	01/07/20	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202000028665	2311.4800000	3.800,00	3.040,00	11/05/20	26/08/20	11/08/20	760,00	0,00
García Álvarez Luis	202000031865	9320.2260201	2.142,91	2.142,91	21/05/20	30/06/20	21/08/20	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202000045685	9201.2260300	402,50	402,50	23/07/20	19/08/20	23/10/20	0,00	0,00
Magdalena Vila M. <sup>a</sup> Jesús	202000030193	9310.2269900	3.500,00	3.500,00	19/05/20	29/06/20	19/08/20	0,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004249	1320.2260100	300,00	0,00	17/01/20	09/07/20	17/04/20	300,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004256	1320.2190000	200,00	50,80	17/01/20	17/07/20	17/03/20	149,20	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004257	1320.2130000	500,00	0,00	17/01/20	09/07/20	17/04/20	500,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004260	1320.2140000	1.000,00	36,30	17/01/20	09/07/20	17/04/20	963,70	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004264	1320.2120000	1.000,00	296,29	17/01/20	09/07/20	17/04/20	703,71	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004266	1320.2190000	1.000,00	33,50	17/01/20	09/07/20	17/04/20	966,50	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000027123	1320.2219900	1.000,00	972,45	29/04/20	09/07/20	29/07/20	27,55	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000028216	1320.2200000	200,00	197,42	08/05/20	30/07/20	08/08/20	2,58	0,00
Mediero Rodríguez Belén	202000011057	3370.2200100	1.900,00	621,50	18/02/20	17/07/20	18/05/20	1.278,50	0,00





## Concello de Vigo

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Núñez-Torrón López Jesús	20200008888	2310.7800000	15.000,00	8.128,78	06/02/20	06/05/20	06/05/20	6.871,22	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202000025928	2310.4800000	300.000,00	299.608,98	22/04/20	27/05/20	22/07/20	391,02	0,00
Vieites Alén José Manuel	202000010019	9206.1620000	450,00	450,00	10/02/20	29/04/20	10/05/20	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	202000022742	1360.2219900	5.000,00	3.004,16	07/04/20	15/09/20	07/07/20	1.995,84	0,00
<b>TOTAL</b>			920.282,75	894.872,76				25.703,23	293,24

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido, a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202000023174, 202000023221, 202000024837 e 202000024873 de Abalde Comesaña Raquel, n.º 202000004247 e 202000028665 de García Álvarez Luis, n.º 202000004256 de Martínez Muñoz Francisco, n.º 202000011057 de Mediero Rodríguez Belén e n.º 202000022742 de Vivero Mijares Antonio.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditábase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranter.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202000023174, 202000023221, 202000024837 e 202000024873 de Abalde Comesaña Raquel, n.º 202000004247 e 202000028665 de García Álvarez Luis, n.º 202000004256 de Martínez Muñoz Francisco, n.º 202000011057 de Mediero Rodríguez Belén e n.º 202000022742 de Vivero Mijares Antonio non se rendiron no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

## PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

<i>Habilitado</i>	<i>Nº pagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Come-saña Raquel	202000023174	9120.2310000	1.000,00	150,13	13/04/20	25/07/20	13/07/20	849,87	0,00
Abalde Come-saña Raquel	202000023221	9120.2260100	2.000,00	545,05	13/04/20	24/07/20	13/07/20	1.454,95	0,00
Abalde Come-saña Raquel	202000024837	9120.2269900	700,00	655,49	20/04/20	24/07/20	20/07/20	44,51	0,00
Abalde Come-saña Raquel	202000024873	9121.2200100	1.100,00	1.150,10	23/04/20	24/07/20	23/07/20	0,00	50,10
Abalde Come-saña Raquel	202000048896	9120.2260100	1.000,00	1.199,55	29/07/20	28/08/20	29/10/20	0,00	199,55
Álvarez Váz-quez Daniel	202000022464	2310.4800000	200.000,00	197.663,79	03/04/20	14/05/20	03/07/20	2.336,21	0,00
Álvarez Váz-quez Daniel	202000031884	2310.4800000	300.000,00	293.939,32	21/05/20	21/08/20	21/08/20	6.060,68	0,00
Fernández Fernández Paz	202000028776	2310.4800000	72.000,00	71.952,81	12/05/20	19/06/20	12/08/20	47,19	0,00
García Álva-rez Luís	202000004247	9200.2219902	500,00	543,59	16/01/20	23/07/20	16/04/20	0,00	43,59
García Álva-rez Luís	202000007967	9201.2260300	246,84	246,84	30/01/20	18/06/20	30/04/20	0,00	0,00
García Álva-rez Luís	202000011630	9201.2260300	540,50	540,50	19/02/20	20/06/20	19/05/20	0,00	0,00
García Álva-rez Luís	202000022069	2311.4800000	3.800,00	3.800,00	01/04/20	25/06/20	01/07/20	0,00	0,00
García Álva-rez Luís	202000028665	2311.4800000	3.800,00	3.040,00	11/05/20	26/08/20	11/08/20	760,00	0,00
García Álva-rez Luís	202000031865	9320.2260201	2.142,91	2.142,91	21/05/20	30/06/20	21/08/20	0,00	0,00
García Álva-rez Luís	202000045685	9201.2260300	402,50	402,50	23/07/20	19/08/20	23/10/20	0,00	0,00
Magdalena Vila M. <sup>a</sup> Jesús	202000030193	9310.2269900	3.500,00	3.500,00	19/05/20	29/06/20	19/08/20	0,00	0,00
Martínez Mu-ñoz Francisco	202000004249	1320.2260100	300,00	0,00	17/01/20	09/07/20	17/04/20	300,00	0,00
Martínez Mu-ñoz Francisco	202000004256	1320.2190000	200,00	50,80	17/01/20	17/07/20	17/03/20	149,20	0,00



## Concello de Vigo

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Martínez Muñoz Francisco	202000004257	1320.2130000	500,00	0,00	17/01/20	09/07/20	17/04/20	500,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004260	1320.2140000	1.000,00	36,30	17/01/20	09/07/20	17/04/20	963,70	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004264	1320.2120000	1.000,00	296,29	17/01/20	09/07/20	17/04/20	703,71	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000004266	1320.2190000	1.000,00	33,50	17/01/20	09/07/20	17/04/20	966,50	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000027123	1320.2219900	1.000,00	972,45	29/04/20	09/07/20	29/07/20	27,55	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202000028216	1320.2200000	200,00	197,42	08/05/20	30/07/20	08/08/20	2,58	0,00
Mediero Rodríguez Belén	202000011057	3370.2200100	1.900,00	621,50	18/02/20	17/07/20	18/05/20	1.278,50	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202000008888	2310.7800000	15.000,00	8.128,78	06/02/20	06/05/20	06/05/20	6.871,22	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202000025928	2310.4800000	300.000,00	299.608,98	22/04/20	27/05/20	22/07/20	391,02	0,00
Vieites Alén José Manuel	202000010019	9206.1620000	450,00	450,00	10/02/20	29/04/20	10/05/20	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	202000022742	1360.2219900	5.000,00	3.004,16	07/04/20	15/09/20	07/07/20	1.995,84	0,00
<b>TOTAL</b>			920.282,75	894.872,76				25.703,23	293,24

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(804).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE NEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14336/445.**

Visto o informe xurídico do 30/09/2020 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 28/09/2020, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

- I. En data 20 de maio emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de Mantemento de Vías Municipais o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, tal e como

establece o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP).

O Concello de Vigo conta cun amplo parque móbil de vehículos municipais que abastece de vehículos aos diferentes servizos municipais que o requiren. Durante o ano os citados vehículos precisan do subministro e montaxe de pneumáticos e outras prestacións de servizo asociadas consistente en reparación de pinchazos, equilibrado ou aliñación de dirección, permutas ou xiros de pneumáticos, etc... servizos para os que en moitos casos non se dispón de medios humanos e materiais axeitados no parque móbil municipal.

- II. Defínense con precisión no devandito informe as necesidades que pretenden cubrirse por medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais.

Constitúe o obxecto do contrato o subministro, montaxe e asistencia técnica de neumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo.

- III. Ao abeiro do devandito informe de necesidade e idoneidade, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 e 9 de xullo de 2018 e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación mediante Decreto de data 20 de maio de 2020.

- IV. No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 20 de maio de 2020 polo Xefe de Mantemento de Vías, o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 20 de maio de 2020 acordando o inicio do expediente de contratación.

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños e Obras e Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 26 de maio de 2020.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada polo Enxeñeiro de Camiños, o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario ; e conformada polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza en data 20 de xullo de 2020.

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 4 de setembro de 2020.



## Concello de Vigo

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 4 de setembro de 2020.

g).- Dilixencia Intervención Xeral de datas 22/23.09.2020

h).- Memoria do servizo de data 23/24.09.2020 introducindo as rectificacións

i).- Informe do Servizo de contratación de data 28.09.2020

j).- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 28.09.2020

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 da LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

**Sexto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do **SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE NEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.**

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños e Obras e Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 26 de maio de 2020.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28 de setembro de 2020.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe de **CENTO NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (109.744,86 €)**, IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de **DEZANOVE MIL CORENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (19.046,62 €)**.

**Anualidades:**

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2020	18.290,81 €	15.116,37 €	3.174,44 €
2021	54.872,43 €	45.349,12 €	9.523,31 €
2022	36.581,62 €	30.232,75 €	6.348,87 €
<b>Total</b>	<b>109.744,86 €</b>	<b>90.698,24 €</b>	<b>19.046,62 €</b>

Ao abeiro do establecido no artigo 101 LCSP o valor estimado do contrato estipúlase en **CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CENTO OITENTA E SETE EUROS CON UN CÉNTIMO (154.187,01 €)**, tendo en conta os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, a posibilidade de prórroga do contrato ata un máximo dunha anualidade e as modificacións á alza previstas, así como os custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

As diferentes anualidades imputarase aos exercicios orzamentarios detallados, en consecuencia o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 9202 2211100.- Repostos elementos de Transporte, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(805).- PRÓRROGA DO PROGRAMA “XESTIÓN DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL AO PROXECTO PRESENTADO POLO CONCELLO DE VIGO DENOMINADO VIGO VERTICAL”. EXPTE. 36288/220.**

Visto o informe de fiscalización do 30/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/09/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de Xaneiro de 2016, acordou, aprobar a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, e aprobou a memoria que desenvolve as estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada “ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL”.

De acordo coa Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, a Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2016, acordou aceptar a axuda de 15.000.000,00 €, outorgada polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas por Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

II.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 30.10.2017 (exp 30798/220) acordou:

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dos/das funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal, como **Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e Técnicos de Xestión**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de **tres anos** (novembro/2017 a outubro/2020), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades contidas na memoria xustificativa sobre necesidade de nomeamento como funcionarios interinos para o ámbito programático de xestión das axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical.

En consecuencia, autorizar o gasto de **833.551,28 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 -outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente-. Da referida cantidade **45.469,48 €** corresponden ao presente exercicio orzamentario (2 meses); **275.545,05 €** (o exercicio de 2018); **278.300,50 €**, o ano 2019 e **234.236,25 €** (o exercicio 2020, 10 meses), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

**SEGUNDO:** Nomear funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal "Xestión de axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical", por un período máximo de de **tres anos** (novembro/2017 a outubro/2020), como **Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos** á **D. Xacobe Paz Salgado, con DNI \*\*.\*\*\*.323-C e de D<sup>a</sup> Fátima Martínez Giráldez, con DNI \*\*.\*\*\*.166-B**, na súa condición de seguintes aspirantes a ser nomeados de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Nomear funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal "Xestión de axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical", por un período máximo de de **tres anos** (novembro/2017 a outubro/2020), como **Técnicos de Xestión** a **D<sup>a</sup> I. González Martínez, con DNI \*\*.\*\*\*.535-V, D<sup>a</sup> R. M. Gallego Santos, con DNI \*\*.\*\*\*.160-B, D<sup>a</sup> M. Freire Quintas, con DNI \*\*.\*\*\*.053-R, D<sup>a</sup> M. D. Gallego Sotelo, con DNI \*\*.\*\*\*.281-E e de D<sup>a</sup> B. Ugarte Alonso, con DNI \*\*.\*\*\*.629-K**, na súa condición de seguintes aspirantes a ser nomeados de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**CUARTO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (novembro/2017 a outubro/2020) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 316-Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, e posto Cód. 179-Técnicos/as de xestión, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais. "(...)"

**III.-** O día 24/08/2020, se recibiu solicitude asinada polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, na que logo da motivación exposta propónse "A ampliación por doce meses do programa referido e do nomeamento dos funcionarios interinos que actualmente veñen desempeñando esas funcións que son os seguintes:

- Enxeñeiros/as de camiños, Canais e Portos **D. X. Paz Salgado e Dna. F. Martínez**





## Concello de Vigo

*Giráldez.*

*- Técnicas de xestión.- Dna M. Freire Quintás e Dona M. D. Gallego Sotelo."*

**IV.-** En base ao anterior a concelleira-delegada da Área de Organización Municipal, a través de instrución de servizo de data de sinatura electrónica, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local da prórroga do referido programa temporal e os nomeamentos interinos solicitados.

**V.-** Consta no expediente informe de cuantificación económica do gasto a incidencia do mesmo no capítulo I (trámite 11 do expte ao cal nos remitimos na súa integridade).

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**I.- Prórroga do programa de Xestión de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo Vertical.**

Segundo consta na solicitude recibida asinada polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, "*As causas expresadas na memoria xustificativa de data 21.04.2017 que produxo o citado acordo (consta no exp.,. 4603/440) mantense na actualidade, inclusive incrementadas debido ao que o volume de traballo na Área de Fomento incrementouse (delegación de toda a obra pública municipal, execución de grandes obras non habituais no Concello de Vigo, execución dos remanentes de tesorería, licitación de grandes contratos abastecemento auga, mantemento viais, recollida residuos, etc.*

*A xestión da axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxectecto presentado polo Concello de Vigo denominado "Vigo Vertical" continua na actualidade existindo un un inxente volume de traballo para cumprir con todas as determinacións establecidas para a execucións de actuacións a través dos fondos Feder, xa que o Concello de Vigo, ten unha dobre condición na execución dos fondos. Ademais de beneficiaria das operación conta coa condición de Autoridade Urbana (Organismo Intermedio Lixeiro), o cal obriga a adoptar disposicións para garantir que o respecto do principio de separación de funcións, tal como despréndese do artigo 72 do Regulamento 1303/2013, é dicir os principios xerais dos sistemas de xestión e control."*

En canto á posibilidade de prórroga, temos que de conformidade co artigo 10.1 c) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, "son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias: c) la ejecución de programas de carácter temporal, que no no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto". O artigo 23.1.c) da lei 2/2015,

do 29 de abril, do emprego público de Galicia, se refire a “a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade farase constar expresamente e non poderá ser supero a tres anos, ampliábles ata doce meses mais de o xustifican a duración do correspondente programa”.

## II.- Prórroga dos nomeamentos interinos.

### II a) Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo*



## Concello de Vigo

781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

**“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”**

### **II b) Nomeamento de funcionarios interinos:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Consecuencia da prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga dos nomeamentos interinos solicitados, que están a desenvolver o programa na actualidade, os Enxeñeiros/as de camiños, Canais e Portos D. X. Paz Salgado, con DNI **\*\*.\*.\*.323-C** e Dna. F. Martínez Giráldez, con DNI **\*\*.\*.\*.166-B**, e as Técnicas de xestión.-

Dña M. Freire Quintás con DNI \*\*.\*\*\*.053-R, e Dona M. D. Gallego Sotelo, con DNI \*\*.\*\*\*.281-E .

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate da prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 31/10/2021.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **II c) Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de 24/08/2020, resulta precisa a prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis. Nos remitimos ao punto III dos Fundamentos xurídicos de este Informe.

Así mesmo na instrución de servizo do concelleira-delegada da Área de Organización Municipal de data de sinatura electrónica, resulta acreditada a urxencia dos nomeamentos propostos, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a



## Concello de Vigo

propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

### II d) Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente os nomeamentos interinos proposto supón o coste seguinte:

#### CUADRO RESUMO CUSTE TOTALIDADE PRÓRROGA PROGRAMA DOCE MESES (01/11/2020 A 31/10/2021) – 4 POSTOS

#### ENXEÑEIRO/A CAMIÑOS/ TECNICO/A XESTIÓN

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANUAL-2020	ANUAL-2021	Periodo ( 01/11/2020 a 31/10/2021) – DOCE MESES x 4 postos-
Retribucións totais	28.639,46 €	146.061,34€	174.700,80 €
Seguridade Social	7.494,60 €	38.597,14 €	46.091,74 €
TOTAIS 5 POSTOS	36.134,06 €	184.658,48 €	220.792,54 €

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2020 (dous meses) e dos dez primeiros meses do ano 2021 no que respecta a custes retributivos e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

Ademais do anterior **é necesaria a comprobación no informe de fiscalización** do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira. **No informe de fiscalización debería considerarse expresamente as indicacións contidas no informe técnico de data 18/09/2020.(trámite 11 do expte)**

### IV. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sra. Concelleira-Delegada da Área de Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

I.- Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 31/10/2021), o Programa "Xestión de axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical".

II.- Prorrogar, en base aos informes emitidos no expediente, os nomeamentos dos catro funcionarios/as interinos/as nomeados para a execución do programa de carácter temporal referido no punto anterior (exp 30798/220):

- os Enxeñeiros/as de camiños, canais e portos D. X. Paz Salgado, con DNI **\*\*.\*.\*.323-C** e Dna. F. Martínez Giráldez, con DNI **\*\*.\*.\*.166-B**,
- as Técnicas de xestión.- Dna M. Freire Quintás con DNI **\*\*.\*.\*.053-R**, e Dona M. D. Gallego Sotelo, con DNI **\*\*.\*.\*.281-E** .

En consecuencia, autorizar o gasto total de **220.792,54 €**, das que 174.700,80 € corresponden a retribucións e, 46.091,74 € a custes de seguridade social. En canto a retribucións, 28.639,46 €, corresponden ao ano 2020, e 146.061,34 € ao ano 2021; e no que respecta ao custe de seguridade social, 7.494,60 € corresponden ao ano 2020, 38.597,14 ao ano 2021, de conformidade co establecido no informe técnico que consta no informe económico anexado ao expediente.

Elo con cargo á aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2020 (dous meses) e dos dez primeiros meses do ano 2021 no que respecta a custes retributivos e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

III.- Dispoñer que a referida prórroga dos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (31/10/2021) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: enxeñeiro/a de camiños, posto cod. 46, e técnico/a de xestión, posto cód. 179 . Todo elo, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

IV.- Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

V.- Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, Responsable Técnico EDUSI/Vigo Vertical, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación a Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.



## Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(806).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO EXPTE. 34286/220 "RETRIBUCIÓN BOMBEIROS E CONDUTORES BOMBEIROS", APROBADO EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26/06/2020. EXPTE. 36438/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 30/09/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de xuño de 2020, acordou: "Estimar, en base aos informes emitidos no expediente, as solicitudes presentadas; acordando o dereito dos Bombeiros, Sres: García Alonso A., Estevez Enriquez C., Buján Puentes P., Romero García C., Goberna Martínez E., Serrano López A., González Fontán M., Arnejo Casanova S.R., Abeijón Ares J., Valverde Ríos C., e os Condutores-Bombeiros, Sres: Castro González J.L., Lago Barciela D.; a percibir o abono das diferenzas retributivas entre os postos de condutor-bombeiro/bombeiro en prácticas e condutor bombeiro/bombeiro efectivamente desenvolvido -retribucións complementarias (CD-CE)- e exceso de xornada realizado a partir do 13/06/2019.

En consecuencia autorizar o pago de 101.896,84 €, dos que 80.575,42 € corresponden a retribucións complementarias e 21.321,42 € a gratificación por servizos especiais e extraordinarios; xunto cos custes de seguridade social, por importe total de 37.335,00 €. Elo segundo o seguinte desglose, a:

D. J. L. Castro González (n.º de persoal 84271): 8.417,60 €  
D. D. Lago Barciela (n.º persoal 84270): 8.613,76 €  
D. C. Romero García (n.º de persoal 84283): 8.189,71 €  
D. A. Serrano López (n.º de persoal): 7.992,82 €  
D. J. Abeijon Ares (n.º de persoal 84279): 9.075,21 €  
D. M. González Fontán (n.º de perosal 84278): 8.312,74 €  
D. S. R. Arnejo Casanova (n.º de persoal 84277): 8.607,61 €  
D. E. Goberna Martínez (n.º de persoal 84276): 8.214,28 €  
D. P. Buján Puentes (n.º de persoal 84274): 8.796,76 €  
D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273): 8.894,74 €  
D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272): 8.189,71 €

D. C. Valverde Ríos (n.º de persoal 83994): 8.591,67 €

II.- En data 10/09/2020, o técnico de organización e planificación emite informe técnico no seguinte senso:

*“Detectado erro mecanográfico nas cantidades propostas de aboamento para os funcionarios con NP 83273 e 84272, no informe dese técnico de data 12/03/2020 (tramite 159 do expediente 34286-220) no que se informa que as cantidades a percibir por D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273) serían:*

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
SUMA	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>1.377,72 €</b>
TOTAL A ABONAR	<b>8.894,74 €</b>

e a D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272):

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
SUMA	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>2.082,75 €</b>
TOTAL A ABONAR	<b>8.189,71 €</b>

debendo ser as cantidades correctas a aboar a D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273)

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
SUMA	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>2.082,75 €</b>





## Concello de Vigo

TOTAL A ABONAR	<b><u>8.189,71 €</u></b>
----------------	--------------------------

e a D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272):

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
<b>SUMA</b>	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificación exceso xornada	<b>1.377,72 €</b>
TOTAL A ABONAR	<b><u>8.894,74 €</u></b>

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- Detectado de oficio o erro exposto no antecedente II de este informe, segundo o exposto no informe técnico de data de sinatura electrónica, procede:

Rectificar o punto X dos antecedentes e o punto IV dos fundamentos xurídicos da proposta de acordo da Área de RRHH e Formación de data 01/06/2020(expte 34286-220, e 34302-220), e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de xuño de 2020 , no que se refire ás cantidades a percibir por D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273).

Onde dice

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
<b>SUMA</b>	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificación exceso xornada	<b>1.377,72 €</b>

TOTAL A ABONAR	<b>8.894,74 €</b>
----------------	-------------------

e a D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272):

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
SUMA	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>2.082,75 €</b>
TOTAL A ABONAR	<b>8.189,71 €</b>

Debe decir, a D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273)

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
SUMA	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>2.082,75 €</b>
TOTAL A ABONAR	<b>8.189,71 €</b>

e a D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272):

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
SUMA	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>1.377,72 €</b>
TOTAL A ABONAR	<b>8.894,74 €</b>

Rectificar o punto I da proposta de acordo da Área de RRHH e Formación de data 01/06/2020 (expte 34286-220, e 34302-220), e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de xuño de 2020



## Concello de Vigo

Así, onde dí:

D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273): 8.894,74 €

D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272): 8.189,71 €

Debe dicir:

D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273): 8.189,71 €

D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272): 8.894,74 €

En consecuencia, e o abeiro das competencias que ostenta a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización municipal, por delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019, pola presente elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os erros detectados, de oficio e de conformidade co informe técnico de data 10/09/2020-,

. O punto X dos antecedentes e o punto IV dos fundamentos xurídicos da proposta de acordo da Área de RRHH e Formación de data 01/06/2020(expte 34286-220, e 34302-220), e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de xuño de 2020 , no que se refire ás cantidades a percibir por D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273).

Onde dice

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
<b>SUMA</b>	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>1.377,72 €</b>
<b>TOTAL A ABONAR</b>	<b>8.894,74 €</b>

e a D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272):

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €

SUMA	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>2.082,75 €</b>
TOTAL A ABONAR	<b>8.189,71 €</b>

Debe decir, a D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273)

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
SUMA	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>2.082,75 €</b>
TOTAL A ABONAR	<b><u>8.189,71 €</u></b>

e a D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272):

Diferencia C.D e C.E.	5.833,80 €
Diferencia pp pagas extraordinarias	978,19 €
SUMA	<b>6.811,99 €</b>
Diferencias gratificacion exceso xornada	<b>1.377,72 €</b>
TOTAL A ABONAR	<b><u>8.894,74 €</u></b>

. O punto I da proposta de acordo da Área de RRHH e Formación de data 01/06/2020 (expte 34286-220, e 34302-220), e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de xuño de 2020

Así, onde dí:

D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273): 8.894,74 €

D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272): 8.189,71 €

Debe decir:



## Concello de Vigo

D. C. Estévez Enriquez (n.º de persoal 84273): 8.189,71 €

D. A. García Alonso (n.º de persoal 84272): 8.894,74 €

Mantendo os restantes extremos do acordo indicado”.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao Comité de Persoal, aos interesados, ao Xefe do Servizo de Bombeiros, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(807).- PLAN DE FORMACIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA O ANO 2020. EXPTE. 35238/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 02/10/2020, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- Por Resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 26/12/2016 (expediente nº 29.160/220) acordouse incoar expediente administrativo para a planificación e dirección estratéxica da formación, con elaboración da Estratexia de Formación do Concello de Vigo, designando como instructora do expediente administrativo á funcionaria municipal D<sup>a</sup> María Dapena Gómez, Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, así como constituir a tal efecto, dous grupos de traballo encargados da planificación, desenvolvemento e xestión da formación no Concello de Vigo:

- o Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación,
- o Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación.

Aos efectos de garantir a participación da representación sindical dos traballadores na actividade que se desenvolva polos grupos de traballo, dispónse que terán a condición de invitados no grupo técnico de desenvolvemento e xestión 2 representantes sindicais que se designen pola Mesa do Comité de Persoal.

2.- As funcións dos devanditos grupos, segundo a citada resolución, son as seguintes:

1.- Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación:

-Estudio, impulso, dirección, debate e articulación práctica dos procedementos Administrativos necesarios para a implementación e materialización práctica das actividades de planificación e dirección da formación do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

-Estudio, debate e elaboración da Estratexia de Formación ou Plan Estratéxico de Formación do persoal ao servizo do Concello de Vigo, presentando os documentos na Comisión de Formación.

- Seguemento e calendarización da xestión e desenvolvemento da formación.
- Interlocución coa Comisión de Formación, plantexando a reorientación da actividade da mesma.
- Dirección, supervisión e coordinación da actividade do Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación.
- Interlocución e debate coa representación sindical dos empregados/as públicos municipais no marco do desenvolvemento do proceso, sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas á Mesa Xeral de Negociación.
- Emisión de informe nos supostos nos cales os órganos municipais competentes así o soliciten en relación cos traballos encomendados e as súas incidencias.
- Cooordinar, planificar e supervisar a formación que se desenvolve en ámbitos específicos (policía local, efectivos destinados no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) ou formación en materia de prevención de riscos laborais)
- Informar á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal da actividade desenvolta polos dous grupos, sempre que así se demande por ésta, e en calquera caso, con periodicidade trimestral.
- Calquera outra de análogo contido que lle sexa expresamente atribuída pola concellería competente en materia de persoal.

## 2.- Grupo Técnico de Desenvolvemento e Xestión da Formación:

Funcionará baixo a dirección do Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, e terá por funcións as seguintes:

- Xestionar de xeito directo a posta en marcha das actividades formativas e as súas incidencias inherentes contidas na Estratexia de Formación, incluídas a xestión e tramitación dos expedientes administrativos derivados e da posta en marcha das ferramentas TIC necesarias ao efecto.
- Desenvolver os procesos e procedementos necesarios para a materialización práctica da Estratexia de Formación.
- Debatir coa representación sindical designada pola Mesa do Comité, a xestión da formación.
- Prestar apoio técnico especializado ao Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, e celebrar as sesións de traballo conxuntas que así se convoquen.
- Calquera outra relacionada coa xestión e desenvolvemento da formación que lle sexa expresamente atribuída pola concellería competente en materia de persoal ou polo Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación.

**3.-** Así, e como consecuencia do traballo efectuado polo Grupo Técnico de Planificación e Dirección da Formación, a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación dos seguintes documentos:

- **Marco Estratéxico da Formación do Concello de Vigo** (expediente n.º 29.922/220) aprobado o 18/05/2017.
- **Estudio de detección de necesidades formativas e designación de responsables operativos de procesos** (expediente n.º 30.867/220) aprobado o 28/12/2017.



## Concello de Vigo

4.- Así, elabórase o documento para a previa aprobación pola Comisión Paritaria de Formación e posteriormente, pola Xunta de Goberno Local, a fin de poder ofertar ao persoal as actividades formativas previstas nos prazos fixados no Marco Estratéxico de Formación.

A suspensión dos prazos administrativos derivada de la aprobación do Decreto do estado de alarma para enfrentar a situación de emerxencia sanitaria polo COVID-19 que entrou en vigor o 14 de marzo (Real Decreto 463/2020) ata o 1 de xuño de 2020 imposibilitou a aprobación do Plan nos prazos previstos

5.- En sesión de data 01/10/2020, e previa a convocatoria ao efecto, a Comisión Paritaria de Formación do Concello acordou dictaminar favorablemente a proposta de Plan de Formación para o ano 2020, derivada dos traballos desenvolto nos grupos técnicos de formación.

### MOTIVACIÓN

#### I. LEGAL:

Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP):

-Artigo 14:

*“Los empleados públicos tienen los siguientes derechos de carácter individual en correspondencia con la naturaleza jurídica de su relación de servicio:*

*b) Al desempeño efectivo de las funciones o tareas propias de su condición profesional y de acuerdo con la progresión alcanzada en su carrera profesional.*

*c) A la progresión en la carrera profesional y promoción interna según principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad mediante la implantación de sistemas objetivos y transparentes de evaluación.*

*e) A participar en la consecución de los objetivos atribuidos a la unidad donde preste sus servicios y a ser informado por sus superiores de las tareas a desarrollar.*

***g) A la formación continua y a la actualización permanente de sus conocimientos y capacidades profesionales, preferentemente en horario laboral.”***

-Artigo 54- Principios de conducta dos empregados/as públicos:

***“8. Mantendrán actualizada su formación y cualificación.”***

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: artigo 4:

*“1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas:*

***a) Las potestades reglamentaria y de autoorganización.***

***c) La potestad de programación o planificación.”***

#### II.- ASPECTOS TÉCNICOS:

A prestación duns servizos públicos de calidade, o seu mantemento e o incremento dos niveis de eficacia esixidos por unha cidadanía plenamente consciente da súa importancia, obriga ás Administracións Públicas non só a realizar una planificación adecuada da súa xestión e dos obxectivos a lograr, senón tamén a adscribir a ela recursos económicos e medios persoais altamente cualificados.

Así, o presente plan de formación, seguindo a liña de exercicios anteriores, deseñouse tendo en consideración, por unha banda, as necesidades de cualificación para o desempeño do posto de traballo por parte dos seus destinatarios, e, por outro, facilitando o desenvolvemento profesional e persoal dos empregados públicos, no convencimiento de que con iso se contribuirá a mellorar a seguridade no desempeño do seu posto de traballo, a súa autoestima e a súa satisfacción personal al verse dotado das habilidades, ferramentas e coñecementos necesarios para afrontar os retos profesionais da práctica diaria e que lle axudan, ademais, a dar cumprimento ás súas lexítimas aspiracións de progreso na súa carreira administrativa. Este plan, continuador da política formativa de exercicios precedentes e seguindo a traxectoria marcada por eles, vértase en torno a tres eixes básicos.

O primeiro deles trata de atopar un equilibrio entre las diferentes modalidades de formación, de modo que se utilice a máis axeitada en función do tipo de acción formativa, das características específicas dos destinatarios ou das condicións en las que prestan os seus servizos.

Sin esquecer a importancia outorgada ás accións presenciais, en razón da maior interacción que comporta e das posibilidades que ofrece, isto non impide la incorporación, de modo progresivo e equilibrado, de modalidades formativas virtuales e semipresenciais, dadas as vantaxes da utilización das novas tecnoloxías para a flexibilización da aprendizaxe que estas implican, así como o seu papel en canto instrumentos colaborativos e no horizonte da conciliación da vida persoal e profesional

O segundo eixo incide nas senda seguida polos plans de formación precedentes, baseados na confianza no talento interno para a impartición das accións formativas. Os formadores internos que participan, polo seu pertencencia á Administración, dos valores de servizo público, achegan a realidade administrativa da que son bos coñecedores e os seus coñecementos académicos á formación dos seus compañeiros.

En terceiro lugar, o plan debe ser o resultado dunha ampla colaboración e dunha suma de esforzos, pois , canto máis amplo sexa o grado de intervención do persoal municipal na elaboración do plan maior será a garantía de acerto na definición das accións formativas previstas. Poese iso, o Plan de formación 2020 non é cerrado, senón que é un documento dinámico que se poderá adaptar segundo as necesidades sobrevenidas.

No marco da actividade administrativa de planificación, desenvolvemento e xestión da formación, e como obxectivos estratéxicos, dentro do ámbito da formación, atópase fundamentalmente o da definición dunha estratexia de formación que permita unha reorientación total das actividades de planificación da formación, así como da xestión e desenvolvemento da mesma, de xeito tal que se proceda a:

- Determinar a formación para capacitación dos efectivos de novo ingreso, deslindándoa da formación continua e do perfeccionamento de coñecementos.

- Establecer sistemas formativos que primen, na medida do posible, o uso das TICs e das ferramentas propias da tecnoloxía dixital, favorecendo o adecuado seguimento da formación por parte dos empregados/as públicos coa conciliación da





## Concello de Vigo

súa vida laboral e familiar, disminuíndo a tal efecto a carga presencial na formación ata o mínimo imprescindible.

Definir a formación orientada á adquisición de competencias, fomentando a reciclaxe profesional, a aprendizaxe de competencias transversais e a incidencia na formación en competencias específicas, orientadas á carreira profesional dos empregados públicos nas modalidades contempladas no marco legal vixente.

Deseñar a formación específica por grupos ou ámbitos internos, a fin de contemplar a formación directiva e a formación de grupos concretos de empregados/as públicos/as en competencias e capacidades específicas (p.ex: atención ao público, comunicación básica en linguas comunitarias, nocións básicas sobre protocolo, entre outras, para persoal de atención ao público).

Deseñar os sistemas de selección e designación de formadores no ámbito do Concello de Vigo dende a perspectiva de valorización do capital humano existente no Concello e dos coñecementos e capacidades dos empregados/as públicos de maior especialización nos seus respectivos ámbitos profesionais.

Dirixir a planificación da formación a curto, medio e longo prazo no ámbito do Concello de Vigo.

Polo tanto, o plan de formación do Concello de Vigo ten como obxectivo último a mellora dos servizos públicos prestados pola entidade local, a través da actualización dos coñecementos dos seus empregados na totalidade das súas áreas.

Así, e como obxetivos asociados atopanse os seguintes:

- Mellorar as competencias básicas dos traballadores.
- Impulsar a implantación das tecnoloxías da información na Administración, propiciando a súa utilización por parte dos traballadores e polo tanto, un maior rendemento.
- Adaptar os procedementos da administración ás actualizacións normativas.
- Colaborar para que se implanten procesos de mellora continua e calidade nas Administracións.

No plan de formación priorízase a actualización en todas aquelas materias que sufriron modificacións normativas recentemente (procedemento administrativo, protección de datos, contratación, a administración electrónica).

De igual maneira, tamén se lle dá prioridade ás accións de iniciación ou de temática máis xeral, que afectan á xeneralidade dos traballadores públicos fronte á formación de colectivos concretos (bombeiros, policía, etc) aos que está previsto atender a través de orzamento propio de cada servizo.

### **Deseño do plan de formación.**

a. Resposta do plan ás necesidades de formación detectadas na organización e especificación do procedemento e metodoloxía utilizado para iso.

A análise de necesidades de formación realízase tendo en conta:

- as políticas de recursos humanos de cada departamento.
- as contestacións ás enquisas realizadas aos xefes dos distintos servizos para que expoñan as necesidades formativas do seu persoal e as súas propias.
- os plans estratéxicos do concello.

- as opinións manifestadas polos asistentes ás accións formativas de anos anteriores, recollidas a través das enquisas de avaliación de cada acción formativa, onde se lles solicita que indiquen outros cursos ou materias do seu interese.

b. Resultados da avaliación do plan do ano anterior e a súa consideración en relación co plan presentado.

As avaliacións realizadas en cada unha das accións formativas do ano anterior en canto a profesorado, material, metodoloxía didáctica, aplicación dos contidos ás tarefas do posto de traballo, etc., son os criterios que permiten realizar os axustes pertinentes, no intento de mellora continua das accións de formación incluídas nos plans anuais.

Ademais, tal como indícase no punto anterior, nas avaliacións téntanse recoller tamén novas necesidades formativas para o seguinte plan.

### **Criterios de seguimento e avaliación do plan.**

a. Previsións do seguimento das accións formativas, tanto durante o seu desenvolvemento como ao final do mesmo.

Existe xa un procedemento establecido para o seguimento das actividades formativas que aplicamos en todas as actividades formativas desenvolvidas, independentemente da súa fonte de financiación:

- Realización dun seguimento diario de cada acción formativa que basicamente realizan os formadores e trasladan aos responsables/xestores, mantendo un contacto fluído co persoal formador e os asistentes, co fin de aplicar as correccións oportunas á acción formativa.
- Realización de enquisa aos asistentes, na que se recollen as súas opinións en canto a profesorado, material, metodoloxía, aulas e organización da acción formativa.
- Realización de enquisa aos formadores en canto a organización, grao de aproveitamento e participación dos asistentes, aulas, etc.

b. A aplicación de técnicas para a avaliación de resultados e, no seu caso, do impacto da formación.

Non se realizan estudos de impacto da formación, como tal pero si se tenta recoller que grao de aplicación tiveron os plans de formación a través de:

- Realización de enquisa aos xefes dos distintos servizos sobre a aplicación dos coñecementos adquiridos polos asistentes e a súa aplicación aos postos de traballo
- Realización de enquisa para detectar problemas de comunicación do plan aos empregados, problemas de aplicación dos coñecementos e técnicas adquiridos, etc.

3.- No plan de formación para o ano 2020, poderán participar todos os/as empregados/as públicos municipais do Concello de Vigo que á data da convocatoria manteñan relación de servizo ou laboral coa entidade.



## Concello de Vigo

4.- Os/as participantes serán seleccionados segundo os criterios previstos nas convocatorias de cada unha das accións formativas, respetando en todo momento os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Os criterios xerais a seguir para a selección dos asistentes serán:

1. Axuste ao perfil do persoal destinatario
2. Relación co posto de traballo.
3. Orde de prioridade establecido na solicitude.
4. Situación de servizo/laboral.

O participante seleccionado deberá confirmar a súa asistencia ou comunicar a súa renuncia polo menos con cinco días hábiles de antelación ao comezo do curso. A incomparecencia a un curso sen aviso nin causa xustificada motivará a exclusión do alumno seleccionado do resto das accións formativas que se celebren durante o ano. Este prazo non se aplicará aos alumnos que sexan convocados en condición de suplentes, os cales deberán comunicar a súa asistencia ou renuncia o máis axiña posible aos efectos de que en caso de renuncia sexa posible a súa substitución.

Así mesmo, será penalizado, de cara á posterior admisión noutros cursos, o abandono inxustificable nunha actividade formativa.

6.- Para a obtención do certificado de asistencia será imprescindible a asistencia ao 85% das clases presenciais. No caso da formación semipresencial, ademais da asistencia obrigatoria as sesións presenciais, esixirase a realización dos exercicios prácticos, probas de coñecemento ou avaliacións que así se especifiquen en cada caso. No caso de formación on-line, será necesaria a superación da totalidade de módulos que compoñen a acción formativa así como a realización dos exercicios prácticos, probas de coñecemento ou avaliacións que, en cada caso, se indiquen.

7.- Obrigas específicas esixidas aos formadores

Para a impartición de todos os cursos do Plan de Formación 2020 que inclúan parte práctica real con equipos, ferramentas e/ou maquinarias así como cursos "onjob" -job training-, xa sexan impartidos por funcionarios ou formadores internos como por empresas de formación ás que se lle encargue a realización da actividade, será necesario presentar inexcusablemente:

a) Curriculum vitae do formador/a no que se especifiquen, entre outros aspectos:

1. A formación académica, que deberá ser adecuada ao contido do curso.
2. A formación complementaria (cursos, xornadas, etc.) relacionada coa área de coñecemento do curso.
3. Cursos de metodoloxía na formación e formación para adultos ou metodoloxía didáctica (CAP, Formador de Formadores, Formador ocupacional,...)
4. Experiencia laboral directamente relacionada coa materia del curso.
5. Experiencia docente relacionada coas materias a impartir.

O recurso a formadores/as internos/as será prioritario e preferente fronte ao recurso á contratación externa, á cal só se recurrirá ante a ausencia de formadores/as internos/As debidamente capacitados/as ou cualificados/as ou no supostos no cal pola especificidade da

materia ou pola infraestrutura necesaria para o desenvolvemento da actividade formativa sexa necesario recurrir á contratación de formadores/as externos/as.

No caso de contratación da actividade formativa con empresas, antes do inicio da actividade formativa, a empresa ou entidade contratada para impartir a formación deberá xustificar o cumprimento das obrigas derivadas do RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais. A tal fin deberán seguir o establecido na Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010, e publicada no BOP de 29/03/2011.

8.- Ao obxecto de asegurar a calidade, efectividade e eficacia da formación e a mellora da programación, á finalización da acción formativa realizarase unha enquisa de avaliación entre todos os/as participantes co fin de coñecer a súa opinión sobre distintos aspectos do curso. Asimesmo, realizarase un cuestionario de avaliación do curso ao formador/a, co fin de dispoñer de información mais completa sobre o desenvolvemento da acción. A análise da información obtida a través das enquisas en canto á realización, ao desenvolvemento, aos resultados obtidos e á xestión do mesmo será abordada no seo dos traballos que desenvolven os grupos técnicos de formación.

### **III.- AUSENCIA DE CONTIDO ECONÓMICO DA PROPOSTA DE ACORDO:**

A presente proposta non resulta susceptible de cuantificación exacta, debido á circunstancia de que a execución de cada unha das diferentes accións formativas levará aparellada a tramitación do correspondente expediente de gasto, que será obxecto da preceptiva fiscalización previa.

Adicionalmente, a realización ou non dun curso estará en función do número de alumnos/as, cuxa determinación neste momento resulta imposible, ao non atoparse aprobado o plan e, conseguintemente, tampouco as convocatorias e prazos de inscrición.

Por tanto, enténdese que non resultaría preceptiva a fiscalización previa da proposta de acordo pola Intervención Xeral, nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non ser susceptible de determinación a efectiva produción dun gasto futuro.

### **IV.- NEGOCIACIÓN COLECTIVA E DICTAME DA COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN:**

Ditas accións formativas foron debatidas na reunión da Comisión Paritaria de Formación (art. 42 do vixente Acordo Regulador ) en sesión de data 01/10/2020, toda vez que, tal e como se contempla no artigo 37 do TREBEP, están suxeitas á obriga de negociación colectiva os plans de formación e a distribución dos fondos asignados á mesma; sendo éste o órgano previsto no Concello de Vigo a tal efecto, e obrando incorporada a testemuña da dita reunión ao presente expediente administrativo.

Polo tanto, vistas as consideracións expostas, e de conformidade co establecido no artigo 127.1, apartados g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do



## Concello de Vigo

Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**

**“PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Formación do Concello de Vigo para o ano 2020**, de conformidade cos antecedentes e motivación expostos no informe-proposta que antecede, que obra contido no **Anexo I** do presente acordo, formando parte inseparable do mesmo.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I**

#### PLAN DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE VIGO 2020

Para o presente ano, e tendo en conta as alteracions ocasionadas polo estado de alarma decretado no Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo, a posterior “nova normalidade” e a situación actual da pandemia, inclúense no Plan de Formación 2020, as seguintes accións formativas:

Denominación	<b>A INTEGRIDADE COMO COMPETENCIA PROFESIONAL. A ÉTICA NO POSTO DE TRABALLO</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25,00	Total de participan- tes	25
Nº de horas por Edición	25,00	Total de horas	25,00
Obxectivos: Introducir e exercitar xeitos de pensar e de interrelacionarse novas, resaltando os valores positivos da integridad para a mellora dos servizos que se prestan aos cidadáns. Descubrir os dilemas que preocupan no desempeño profesional e o custo da mala imaxe das Administracións Públicas. Compatibilidade de valores persoais e institucionais. Identificar situacións de risco e favorecer a toma de decisións de acordo cos principios de autoconfianza, honradez e transparencia. Iniciativas para mellorar o servizo público en prol da calidade e a integridad dentro das Administracións Públicas. Boas prácticas de conduta ética aplicables ao noso posto de traballo.			
Contido:			

1.-Introdución: concepto de ética e principais correntes de teoría ética. Dereitos humanos e desenvolvemento sostible. Toma de decisións ante conflitos éticos. 2.- Aplicación da teoría ética. Ética aplicada á acción pública. Ética na administración. Plans de integridade (introdución). 3.Aplicacións prácticas . Os códigos éticos. A xestión de conflitos de intereses.

Denominación	<b>ÓRGANOS DE SELECCIÓN E PROCESOS SELECTIVOS NO SECTOR PÚBLICO LOCAL</b>		
Destinatarios	Subgrupos A1 e A2		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25,00	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	25,00	Total de horas	25,00
<b>Obxectivos:</b> Adquirir coñecementos específicos acerca do réxime de funcionamento, responsabilidades e procedemento a seguir polos órganos de selección de persoal no sector público local, con especial incidencia na xurisprudencia de referencia na materia e na problemática práctica conconrente.			
<b>Contido:</b> Conceptos básicos. Tipos de responsabilidade.- A responsabilidade patrimonial da Administración e a responsabilidade de autoridades e funcionarios.- Responsabilidade penal. Voluntade e imprudencia. Persoas físicas e xurídicas. Autoridades e funcionarios.- Infraccións contra a Administración pública: prevaricación, abandono do destino, desobediencia, suborno, malversación e outros. A chamada prevaricación vía informe. Usurpación de poderes.- Responsabilidade civil derivada do delito e da Administración.- Estatuto básico do empregado público: especialmente, o dereito de defensa.- Xestión de fondos públicos e responsabilidade contable			

Denominación	<b>CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO</b>		
Destinatarios	Subgrupos A1, A2 e C1		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25,00	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	25,00	Total de horas	25,00
<b>Obxectivos:</b> Coñecer o marco normativo de referencia en materia de contratación pública.			
<b>Contido:</b> Orixe e cuestións xerais da Lei 30/2007.- Finalidade e alcance da Lei de contratos do sector público. Contratos excluídos. Principios de contratación.- Capacidade e clasificación dos operadores económicos. Elaboración e documentación do contrato.- Procedementos de adjudicación do contrato. Os criterios de adjudicación.- Execución e rescisión dos contratos. Especialidades administrativas.- Nulidade, reclamacións e resolución de conflitos fóra de corte. O recurso especial.			

Denominación	<b>DEFENSA PERSOAL NIVEL I</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	15,00	Total de participantes	15
Nº de horas por Edición	16,00	Total de horas	16,00



## Concello de Vigo

Obxectivos: Proporcionar coñecementos e habilidades basicas de autodefensa e autoprotección
Contido: Previr e tomar consciencia da situación. Que non se debe facer ante unha agresión. O medo, como superalo. Reaccións naturais ante ataques comúns. Técnicas: Técnicas de posicionamento. Traballo de agarres. Traballo de proxeccións. Traballo de caídas. Técnicas de psicología. Técnicas de control e inmovilización. Defensa con obxectos cotiáns.

Denominación	<b>DEFENSA PERSOAL NIVEL II</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	15,00	Total de participantes	15
Nº de horas por Edición	16,00	Total de horas	16,00
Obxectivos: Proporcionar coñecementos e habilidades basicas de autodefensa e autoprotección			
Contido: Previr e tomar consciencia da situación. Que non se debe facer ante unha agresión. O medo, como superalo. Reaccións naturais ante ataques comúns. Técnicas: Técnicas de posicionamento. Traballo de agarres. Traballo de proxeccións. Traballo de caídas. Técnicas de psicología. Técnicas de control e inmovilización. Defensa con obxectos cotiáns.			

Denominación	<b>FUNDAMENTOS DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	20,00	Total de horas	20,00
Obxectivos: Comprender os conceptos básicos da administración electrónica, asimilando o cambio que supón a e-administración nas formas de funcionamento tradicional.			
Contido: A Administración electrónica derivada da reforma legal (Lei 39/2015 e Lei 40/2015). Dereitos dos cidadáns e Deberes das Administracións Públicas. Criptografía e firma dixital. A sede electrónica. O rexistro electrónico. O documento electrónico. O expediente administrativo electrónico. As notificacións electrónicas. Introducción ás redes sociais como instrumento de traballo			

Denominación	<b>IGUALDADE DE XÉNERO, PREVENCIÓN DO ACOSO SEXUAL E DA DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	20,00	Total de horas	20,00
Obxectivos: Identificar a importancia da idea de igualdade no contexto social actual. Aplicación da perspectiva de xénero nas políticas públicas. Coñecer a normativa básica europea e contido, alcance e			

relevancia da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Analizar conceptualmente os Plans de Igualdade e as consecuencias da súa implementación.

Contido:

Marco conceptual e normativo na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Políticas públicas de igualdade: conciliación e corresponsabilidade, liderado feminino, etc. Ferramentas para a igualdade: informes de impacto de xénero, indicadores de xénero, etc. Integración da perspectiva de xénero nos proxectos e os plans da Administración. Boas prácticas en materia de igualdade.

Denominación	<b>INFORMACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ EN ENTORNOS DIXITAIS</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	16,00	Total de horas	16,00
Obxectivos:	Concienciar da importancia de prestar unha atención de calidad a cidadanía, mellorar as habilidades formando no uso de técnicas e ferramentas que favorezan a comunicación, contemplando o contexto e peculiaridades dos entornos dixitais		
Contido:	- Origen y cuestiones generales de la Ley 30/2007.- Objeto y ámbito de aplicación de la Ley de Contratos del sector público. Contratos excluidos. Principios de contratación.- Capacidad y clasificación de los operadores económicos. Preparación y documentación del contrato.- Procedimientos de adjudicación de contratos. Los criterios de adjudicación.- Ejecución y extinción de los contratos. Especialidades de los administrativos.- Invalidez, reclamaciones y solución extrajudicial de conflictos. El recurso especial.		

Denominación	<b>INGLÉS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	30	Total de participantes	30
Nº de horas por Edición	80,00	Total de horas	80,00
Obxectivos:	Ser capaz de comunicarse en ingles en contextos da vida social e profesional susceptibles de desenvolverse nunha Administración Local de gran poboación, segundo o nivel de cada asistente		
Contido:	Niveles a concretar, en función del grado de conocimientos de los participantes		

Denominación	<b>INNOVACIÓN, PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E GOBERNO ABERTO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		





## Concello de Vigo

Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	30,00	Total de horas	30,00
<b>Obxectivos:</b> Familiarizarse co manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas para o desenvolvemento dun clima de creatividade e innovación. Facilitar a implantación do proceso de xestión da innovación. Proporcionar referencias prácticas, experiencias e documentación para a implantación de liñas de traballo innovadoras. Coñecer as necesidades de planificación das Administracións públicas no entorno actual. Comprender a evolución do concepto estratexia e a diferenza entre planificación e dirección estratexica. Coñecer as principais ferramentas e metodoloxía aplicables nas distintas fases do proceso estratexico.			
<b>Contido:</b> A creatividade e o talento das persoas como fonte de valor público. Innovación, innovación pública e os seus elementos. Obradoiro de intelixencia colectiva: as nosas barreiras para a innovación. Obradoiro de innovación: como vender unha idea ?. A pirámide de xestión: De estratexia a acción. Modelo sostible de xestión pública: estratexia e acción. A necesidade dun modelo de xestión. A pirámide de xestión e o modelo sostible de xestión pública. Innovación pública O modelo de innovación MIMOS "O proceso de ideación": teño unha idea!			

Denominación	<b>LINGUAXE BÁSICA DE SIGNOS</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	20	Total de participantes	20
Nº de horas por Edición	30,00	Total de horas	30,00
<b>Obxectivos:</b> Ser capaz de comprender e utilizar expresións de uso frecuente así como frases sinxelas, relacionándose de forma elemental na lingua de signos.			
<b>Contido:</b> Contidos gramaticais. Contidos léxicos. Contidos socioculturais. Diversidade lingüística da lingua de signos española. Formas de chamada: individual e próxima ao interlocutor. A importancia do contacto visual entre os interlocutores e as condicións espaciais. Convencións sociais básicas. Recoñecemento legal da linguaxe de signos. Achegamento á comunidade de xordos e á cultura xorda: manifestacións artísticas e culturais. Accesibilidade universal: figura do intérprete de lingua de signos e tecnoloxías básicas para a comunicación. Solicitar información. Expresar opinións, actitudes e coñecementos. Expresar gustos, desexos e sentimentos. Inflúir no interlocutor. Relacionarse socialmente. Estruturación, construción e interpretación do discurso.			

Denominación	<b>MOBBING E ACOSO LABORAL. A IMPORTANCIA DO CLIMA LABORAL COMO OPORTUNIDADE</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	30,00	Total de horas	30,00
<b>Obxectivos:</b> Recoñecer a importancia dos riscos psicosociais, os factores de risco, así como as consecuencias dos mesmos. Distinguir o mobbing doutros tipos de violencia psicolóxica e de outros factores psicosociais Co-			

ñecer os criterios definitorios do acoso psicolóxico e as condutas encadradas nel. Coñecer os factores que inflúen na aparición do mobbing. Distinguir os tipos de violencia laboral. Identificar os factores que facilitan a aparición da violencia laboral. Saber qué medidas preventivas se poden aplicar para evitar a súa aparición. Coñecemento conceptual do clima laboral e da súa importancia como mecanismo de mellora e valorización das relacións humanas.

Contido:

Introdución a riscos psicosociais no traballo Avaliación de factores e riscos psicosociais e a elaboración dun programa de intervención. Acoso laboral ou acoso psicolóxico fronte ao acoso sexual ou sexual e outros presupostos Obrigas legais e legais do acoso moral ou o movemento. .Impacto do acoso laboral sobre a saúde e a organización Protocolos para abordar, previr e xestionar o acoso laboral

Denominación	<b>PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO</b>		
Destinatarios	Subgrupos C1 e C2		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	30,00	Total de horas	30,00
Obxectivos:	Comprender os trámites administrativos nas distintas fases do procedemento administrativo		
Contido:	Aprobación da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As bases da normativa: Ámbito obxectivo e subxectivo e disposicións xerais. A unidade de procedemento administrativo electrónico.Revisión e validez dos actos por vías administrativas. A Responsabilidade Patrimonial das administracións públicas nas leis actuais de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público. Xurisdición contencioso-administrativa.		

Denominación	<b>PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL NAS ADMINISTRACIONES PUBLICAS E TRANSPARENCIA: CUESTIÓNS PRÁCTICAS</b>		
Destinatarios	Subgrupos A1, A2, C1 e C2		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	30,00	Total de horas	30,00
Obxectivos:	Coñecer os conceptos fundamentais para o desempeño das competencias en materia de protección de datos de carácter persoal e a incidencia no ámbito da transparencia.		
Contido:	Principio de transparencia e dereito á información. Regulación do procedemento de acceso á información pública Límites do dereito de acceso: definición e aplicación. Dereito á protección da información persoal Consentimento Problemas da relación entre o acceso á información e a protección de datos		

Denominación	<b>COMPETENCIAS DIXITAIS</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participan-	25



## Concello de Vigo

Nº de horas por Edición	15,00	tes Total de horas	15,00
<b>Obxectivos:</b> Coñecer os entornos dixitais e adquirir o manexo da linguaxe, recursos e ferramentas dixitais susceptibles de aplicación ao desempeño profesional, coa finalidade de adquirir as competencias e destrezas necesarias para o traballo nun contexto de modernización administrativa e dixital.			
<b>Contido:</b> O Mundo dixital. Os smartphones. Navegación segura. Busquedas na rede. A nube. Redes sociais. Crear documentos. Axendas. Traballo colaborativo: compartir arquivos na nube.			

Denominación	<b>TRABALLO EN ENTORNOS REMOTOS E ESPACIOS VIRTUAIS</b>		
Destinatarios	Subgrupos A1, A2 e C1		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	20,00	Total de horas	20,00
<b>Obxectivos:</b> Adquirir a visión do traballo colaborativo e en rede, incidindo nos mecanismos para a xeneración de sinerxias positivas en entornos laborais dende a perspectiva da motivación			
<b>Contido:</b> Definición de equipos remotos. Características da xestión remota. Xestión de equipos a distancia: planificación do traballo. Organización de equipos a distancia. Comunicación e traballo en equipo. Seguimento e avaliación do equipo Reunións remotas eficaces: Uso de medios técnicos e audiovisuais. Ferramentas de organización: ferramentas para a xestión de proxectos e tarefas. Ferramentas de colaboración: xestión, almacenamento e sincronización de documentos. Compartir escritorio. Traballo colaborativo. Ferramentas de comunicación e seguimento: videoconferencias. Charlas corporativas. Pizarras compartidas Acceso a bases de datos e sistemas de información: redes VPN. Navegadores e aplicacións web. Sistema telefónico. Virtualización de escritorio. Correo electrónico corporativo. Ferramentas de seguridade de datos. Liderar. Colaboración en equipos remotos. Xestión remota de conflitos Xestión de compromisos e rendemento de equipos remotos.			

Denominación	<b>RESPONSABILIDADES DO EMPREGADO PUBLICO</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	20,00	Total de horas	20,00
<b>Obxectivos:</b> Identificar as actuacións susceptibles de provocar responsabilidade da Administración e os seus empregados. Diferenciar os distintos tipos de responsabilidade en que pode incurrir un empregado público. Distinguir os tipos delictivos cometidos por empregados públicos e as penas que se incurrir pola súa comisión			
<b>Contido:</b> Conceptos básicos. Tipos de responsabilidade.- A responsabilidade patrimonial da Administración e a responsabilidade de autoridades e funcionarios.- Responsabilidade penal. Voluntade e imprudencia. Persoas físicas e xurídicas. Autoridades e funcionarios.- Infraccións contra a Administración pública: prevaricación, abandono do destino, desobediencia, soborno,			

malversación e outros. A chamada prevaricación vía informe. Usurpación de poderes.- Responsabilidade civil derivada do delito e da Administración.- Estatuto básico do empregado público: especialmente, o dereito de defensa.- Xestión de fondos públicos e responsabilidade contable.

Denominación	<b>TELETRABALLO, XESTIÓN DO ESTRÉS E MINDFULNESS</b>		
Destinatarios	Todo o persoal		
Nº de Edicións	1		
Nº de participantes por Edición	25	Total de participantes	25
Nº de horas por Edición	20,00	Total de horas	20,00
<b>Obxectivos:</b> Coñecer a resposta ao estrés e as súas consecuencias. Aprender a diferenciar estrés e ansiedade. Descubrir a incidencia do estrés no organismo, con incidencia no coidado da saúde, distinguindo entre eustrés e distrés, e utilizando a metodoloxía práctica da atención plena (mindfulness) como mecanismo de afrontamento e de autorregulación do estrés. Analizar os entornos de teletraballo e de traballo virtual como potencial fonte de estrés laboral e propostas de afrontamento.			
<b>Contido:</b> Introducción ao teletraballo. Concepto e características do teletraballo Principais puntos fortes do traballo remoto. O illamento laboral e o ton comunicativo. Cambiar a cultura organizativa: dixitalización da organización. Creación de plans de traballo e indicadores de seguimento. Xestión de equipos virtual-supervisión, delegación e feedback. Organización do traballo remoto Adaptación ao novo ambiente de traballo Estruturação da área de traballo Planificación de obxectivos. Programación do tempo: organizar a xornada Seguimento e medición de resultados Planificación e xestión do tempo: Dedicación de tempos, dispoñibilidade e rendemento (Traballo por obxectivos, non por horas). Non linealidade do programa. Os ladróns do tempo. Indicadores de actividade e produtividade. Factores que inflúen no rendemento A técnica de Pomodoro. Prevención de riscos laborais no teletraballo: Prevención con pantallas de visualización de datos (PVD): Evite a tensión ocular Evite problemas musculoesqueléticos Evite fatiga mental Posturas de traballo e exercicios de relaxación Factores psicosociais. Burntout: tipos, fases, causas, síntomas e consecuencias. Xestión do illamento e estrés no traballo: Medidas de prevención e intervención. Técnicas de prevención do estrés. Intervencións en situacións de crise. Xestionar críticas e responder ás queixas			

Todas as accións formativas anteriores serán impartidas na modalidade on line, excepto as de Defensa Persoal I e II e Linguaxe de signos, que, debido a súas características, necesariamente teran que celebrarse na modalidade presencial, polo que a súa celebración quedará condicionada a evolución da actual situación de pandemia.

**10(808).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)”, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” DURANTE O EXERCICIO 2020. EXPTE. 3471/330.**

Visto o informe xurídico do 21/09/2020 e o informe de fiscalización do 02/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/09/2020, asinado polo xefe do servizo de



## Concello de Vigo

Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 3 de setembro do 2020, a "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI)" presenta escrito de solicitude de subvención para o programa "Vigo, un Mar de Corais" a realizar durante o exercicio 2020; por este motivo, con data 4 de setembro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 195.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 do orzamento municipal vixente.

### ANTECEDENTES.-

A "**ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

### PROGRAMA "Vigo, un mar de corais"

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- En total son 38 masas corais que desenvolven o seu programa ao longo do ano en diferentes espazos da nosa cidade, segundo detalle da memoria que se achega .
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 195.000 € (100%)

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo", para o desenvolvemento do programa "Vigo, un Mar de Bandas" a realizar durante o exercicio 2020, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo" ACOPOVI deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións



## Concello de Vigo

previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, Acopovi” ten como obxecto financiar a organización do programa "Vigo, un Mar de Corais" a realizar durante o exercicio 2020, figurando na aplicación **3340.480.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 195.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, Acopovi” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros) á "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, ACOPOVI", CIF. G-36980928, para o financiamento do programa "Vigo, un mar de corais", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 “CONVENIO CULTURAL ASOCIACIÓN DE*

CORAIS POLIFÓNICAS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, ACOPOVI" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "Vigo, un mar de corais 2020".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "VIGO, UN MAR DE CORAIS" DURANTE O EXERCICIO 2020**

#### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) (CIF: G-36980928) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 1110-10, con enderezo social na rúa Ecuador, 17, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

#### **MANIFESTAN**

*I.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de dita actividade e acción e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de de-*





## Concello de Vigo

*cembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación "VIGO UN MAR DE CORAIS" durante o exercicio 2020 como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade e da comunidade autónoma galega.*

**III.-** *Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, a cantidade de 195.000 euros.*

**IV.-** *Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa "Vigo un Mar de Corais 2020", que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 195.000 € (100%)

#### **TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA**

##### PROGRAMA "Vigo, un mar de corais"

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- En total son 38 masas corais que desenvolven o seu programa ao longo do ano en diferentes espazos da nosa cidade, segundo detalle da memoria que se achega .
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da Entidade.

2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

10. A ENTIDADE será a responsable de velar polo estricto cumprimento da normativa vixente en relación ao covid 19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.

## **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**



## Concello de Vigo

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (195.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e tele-



## Concello de Vigo

máticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Estipúlense dous pagamentos según o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento trala sinatura do presente convenio e que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata esa data.
- b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas e pendentes. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2020.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2020.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 e 2020 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao



## Concello de Vigo

disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2020, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

**11(809).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO”. EXPTE. 536/441.**





## Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 25/09/2020 e o informe de fiscalización do 02/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 28/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 11/09/2020 pola Técnica Media de Obras Públicas e o Xefe do Servizo de Vías e Obras redactan memoria técnica **DAS ACTUACIÓNS DE “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO”**.

**Segundo.-** Con data 18/09/2020 o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu a iniciación do expediente para a elaboración, solicitude e aprobación, de ser o caso, por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio de colaboración para a execución **DAS ACTUACIÓNS DE “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO”**.

**Terceiro.-** Con data 18/09/2020 a Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Cuarto.-** O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 25/09/2020 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello e a Deputación para a execución **DAS ACTUACIÓNS DE “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO”**..

### FUNDAMENTOS

#### I.- Lexislación aplicable

- b) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- d) Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- e) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- f) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- g) Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- h) Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- i) Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- j) Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- k) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- l) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- m) Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

## II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver a as actuacións de **“MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO”**.

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico; licitar o proxecto que conforma a actuación obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de



## Concello de Vigo

recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

### III.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

No orzamento do ano 2020, aprobado polo Pleno Municipal figura crédito adecuado e suficiente para a anualidade do ano 2020 na aplicación orzamentaria 1532.619.00.06.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das actuacións de **“MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO”**., transcrito como Anexo.

**Segundo.-** Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

**Terceiro.-** Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, por importe de 267.985,68 € (douscentos sesenta e sete mil novecentos oitenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos) IVE engadido

Para o seu financiamento, aplicaranse os créditos do orzamento do ano 2020, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.06.

**Cuarto.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Quinto.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I:**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN DE "MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO".

No Pazo Provincial, de \_\_\_\_ de 2020

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,



**Concello de Vigo**

## **EXPOÑEN**

**I.-** A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

**II.-** A Deputación Provincial de Pontevedra nos orzamentos do ano 2020 contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

**III.-** O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, pretende dar continuidade á planificación de mellora da accesibilidade e seguridade nos viais a través da humanización destas vías mediante a implantación de beirarrúas.

**IV.-** Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

**V.-** Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**VI.-** Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes:

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

**1-** É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver as actuacións de “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO”.

**2.-** O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido nos correspondentes

proxectos técnicos que concretan as actuacións a realizar, de acordo coa memoria técnica valorada asinada polos técnicos municipais de data 14 de setembro de 2020, que se achega como anexo ao presente convenio, e que ten por obxecto definir e valorar sucintamente as actuacións co fin de executar correctamente as obras de “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO”.

3.- Para o desenvolvemento do investimento proposto, e de acordo coa memoria técnica valorada, que ten carácter xustificativo do alcance tanto técnico como económico das actuacións a desenvolver, e os seus correspondentes proxectos técnicos, faise a seguinte estimación para a execución das actuacións propostas:

PARROQUIA	VIAL	VALORACIÓN
BEADE	ESTRADA DA VENDA	269.358,34 €
CORUXO	ESTRADA JOSÉ RIVAS	187.943,64 €
SÁRDOMA	SUBIDA A RELFAS	92.443,29 €
TEIS	PARADELA	103.542,30 €
VALADARES	CÑO DA POMBA	153.342,30 €
MATAMÁ	ESTRADA DA Balsa	206.598,69 €
LAVADORES	SEVERINO COBAS	439.757,12 €
TOTAL		1.452.985,68 €

O Concello de Vigo redactou os proxectos das citadas actuacións, polo que considerando ditos importes para a licitación das obras, o custe das actuacións ascende a un total de **1.452.985,68 € IVE incluído**.

## SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “UN MILLÓN CATROCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS” (1.452.985,68 €), e serán distribuídos entre ambas administración de acordo cos seguintes importes:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de UN MILLÓN CENTO OITENTA E CINCO MIL EUROS (1.185.000,00 euros).

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva á execución do convenio, consonte á táboa que se inxire a continuación:

Investimento	Exercicio 2020	Total
MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO	1.185.000,00 €	1.185.000,00 €



## Concello de Vigo

O pagamento do importe referido á anualidade 2020 se realizará contra a aplicación 20/942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de DOUSCENTOS SESENTA E SETE MIL NOVECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (267.985,68 €), desagregados da forma seguinte:

Investimento	Exercicio 2020	Total
MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NOS VIAIS E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PARROQUIAS DE VIGO	267.985,68 €	267.985,68 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 1532.619.00.06.

### TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante o ano 2020, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo:

	Exercicio 2020	Total
Deputación de Pontevedra	1.185.000,00 €	1.185.000,00 €
Concello de Vigo	267.985,68 €	267.985,68 €
<b>TOTAL CONVENIO</b>	<b>1.452.985,68 €</b>	<b>1.452.985,68 €</b>

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución de ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- Unha vez aprobados a totalidade dos correspondentes proxecto das obras obxecto deste convenio, o Concello de Vigo remitirá copia dos mesmos á Deputación Provincial para o seu coñecemento.

3.- Licitados e formalizados os contrato de obras para a execución dos investimento aos que se refire o pacto primeiro, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial e comunicarse a ésta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia das actas dos actos de recepción e certificación das resolucións do órgano competente aprobatoria da recepción das obras executadas e da certificación final das mesmas.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

#### **CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica valorada e nos seus correspondentes proxectos técnicos, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- a) Contrato de adxudicación da obra.
- b) Acta de comprobación do replanteo.
- c) Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- d) Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- e) Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- f) Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- a) Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- b) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- c) Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.





## Concello de Vigo

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

### **QUINTO.- MODIFICACIÓNS DOS PROXECTOS**

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación dos proxectos do investimento obxecto deste convenio.

Así mesmo, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, que obrigue a unha modificación dos proxectos derivada das necesidades de execución dos proxectos contratados e implique mais gasto será asumida polo Concello de Vigo, do cal dará conta a comisión de seguimento. Así mesmo as baixas producidas nas fases de licitación serán de aplicación á achega comprometida polo Concello de Vigo

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente e sempre dentro dos importes máximos a aportar por cada administración deberá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.

Se finalmente, a execución das obras previstas tiveran un custe inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

### **SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES**

O Concello de Vigo obrígase a:

- a) Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria valorada e nos correspondentes proxectos técnicos.
- b) Aprobar a totalidade dos correspondentes proxectos técnicos, debendo enviar un exemplar de cada proxecto aprobado á Deputación Provincial.
- c) Licitar os correspondentes proxectos técnicos que conforman a actuación obxecto deste convenio.
- d) Executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos.
- e) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- f) Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- g) Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

- h) Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas viarias obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- i) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- j) Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- k) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- a) Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.
- b) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

## **SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

## **OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS**



## Concello de Vigo

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos s termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

### **NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

### **DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- a) A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- b) A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- c) A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- d) A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- e) A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

## **DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de catro anos, contados desde a súa sinatura.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes, no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

## **DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

## **DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.



## Concello de Vigo

### **12(810).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE “MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 537/441.**

Visto o informe xurídico do 25/09/2020 e o informe de fiscalización do 02/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 28/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 18/09/2020 polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o Xefe do Servizo de Vías e Obras redactan memoria técnica **DAS ACTUACIÓNS DE “MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO”**.

**Segundo.-** Con data 22/09/2020 o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu a iniciación do expediente para a elaboración, solicitude e aprobación, de ser o caso, por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio de colaboración para a execución **DAS ACTUACIÓNS DE “MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO”**.

**Terceiro.-** Con data 25/09/2020 a Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Cuarto.-** O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 25/09/2020 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello e a Deputación para a execución **DAS ACTUACIÓNS DE “MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO”**.

#### **FUNDAMENTOS**

##### **I.- Lexislación aplicable**

- a) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- b) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- c) Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- d) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- e) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- f) Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- g) Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- h) Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- i) Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- j) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- k) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- l) Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

## II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver a as actuacións de **DAS ACTUACIÓNS DE "MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO"**.

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico; licitar o proxecto que conforma a actuación obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de



## Concello de Vigo

recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

### III.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

No orzamento do ano 2020, aprobado polo Pleno Municipal figura crédito adecuado e suficiente para a anualidade do ano 2020 na aplicación orzamentaria 1532.210.00.05.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das actuacións de **“MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO”**., transcrito como Anexo.

**Segundo.-** Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do citado convenio que se anexa.

**Terceiro.-** Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo. UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.300.000 € IVE engadido) do cales lle corresponden ao Concello de Vigo 260.000 € (DOUSCENTOS SESENTA MIL EUROS) IVE engadido.

Para o seu financiamento, aplicaranse os créditos do orzamento do ano 2020, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.210.00.05.

**Cuarto.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Quinto.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I:**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN DE “MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO”.**

No Pazo Provincial, de \_\_\_\_ de 2020

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

### **EXPOÑEN**

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.





## Concello de Vigo

**II.-** A Deputación Provincial de Pontevedra nos orzamentos do ano 2020 contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

**III.-** O Concello de Vigo continuando coas amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, ven realizando campañas de rehabilitación de firmes no viario que forman parte do rural, situado nas diferentes parroquias do termo municipal, e pretende executar obras de mellora de firmes nas vías públicas para a transformación sostible do viario municipal.

**IV.-** Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

**V.-** Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio que nos ocupa, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas ( artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público).

**VI.-** Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes:

### PACTOS

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

**1- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver as actuacións de “MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO”.**

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido nos correspondentes proxectos técnicos que concretan as actuacións a realizar, de acordo coa memoria técnica valorada asinada polos técnicos municipais de data 18 de setembro de 2020, que se achega como anexo ao presente convenio, e que ten por obxecto definir e valorar sucintamente as actuacións co fin de executar correctamente as obras de “MELLORAS DO FIRME EN

DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO”.

3.- Para o desenvolvemento do investimento proposto, e de acordo coa memoria técnica valorada, que ten carácter xustificativo do alcance tanto técnico como económico das actuacións a desenvolver, e os seus correspondentes proxectos técnicos, faise a seguinte estimación para a execución das actuacións propostas:

PARROQUIA	NOME DO VIAL	(PBL)
1 LAVADORES	SARABIO (R)	29.924,86
2 LAVADORES	NOIANA (CÑO)	42.350,23
3 CABRAL	PENÍS DE ABAIXO (R)	110.946,62
4 SAMPAIO	AGUADIÑA (R)	29.776,38
5 SAMPAIO	AREEIRO (R)	93.154,78
6 SN XOAN	VISTA DO MAR (R)	109.050,60
7 SALGUEIRA	COUTADAS (R)	43.993,18
8 MATAMA	ABADE JUAN DE BASTOS (R)	51.232,13
9 SARDOMA	RELFAS (SUBIDA)	30.089,88
10 SARDOMA	FRAGOSIÑO (EST)	70.428,86
11 BEADE	RELFAS (R)	47.200,79
12 BEMVIBRE	EIFONSO (R)	85.141,25
13 BEADE	COSTA DA GANDARA (R)	60.894,99
14 BEADE	POULEIRA (R)	54.109,98
15 VALADARES	FOXO (EST)	70.530,49
16 VALADARES	QUINTA (CÑO)	36.981,87
17 VALADARES	PINAL (CÑO)	61.946,95
18 VALADARES	SIMONA (CÑO)	113.665,63
19 ALCABRE	VIÑA GRANDE (R)	36.581,55
20 VALADARES	POMBA (CÑO)	27.575,46
21 ZAMÁNS	CIDANS (EST)	94.423,52

**TOTAL IMPORTE**

**1.300.000,00 €**

O Concello de Vigo redactou os proxectos das citadas actuacións, polo que considerando ditos importes para a licitación das obras, o custe das actuacións ascende a un total de **1.300.000 € IVE incluído**.

**SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO**



## Concello de Vigo

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS” (1.300.000 €), e serán distribuídos entre ambas administración de acordo cos seguintes importes:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución Das actuacións previstas no obxecto deste convenio, a contía de UN MILLÓN CORENTA MIL EUROS (1.040.000,00 euros).

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva á execución do convenio, consonte á táboa que se inxire a continuación:

Investimento	Exercicio 2020	Total
MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO	1.040.000,00 €	1.040.000,00 €

O pagamento do importe referido á anualidade 2020 se realizará contra a aplicación 20/942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de DOUSCENTOS SESENTA E MIL EUROS (260.000,00 €), desagregados da forma seguinte:

Investimento	Exercicio 2020	Total
MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO	260.000,00 €	260.000,00 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 1532.210.00.05.

### TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante o ano 2020, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo:

	Exercicio 2020	Total
Deputación de Pontevedra	1.040.000,00 €	1.040.000,00 €
Concello de Vigo	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAL CONVENIO</b>	<b>1.040.000,00 €</b>	<b>1.040.000,00 €</b>

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución de ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo,

previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- Unha vez aprobados os correspondentes proxectos de obras obxecto deste convenio, o Concello de Vigo remitirá copia dos mesmos á Deputación Provincial para o seu coñecemento.

3.- Licitados e formalizados os contrato de obras para a execución das actuacións as que se refire o pacto primeiro, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial e comunicarase a ésta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia das actas dos actos de recepción e certificación das resolucións do órgano competente aprobatoria da recepción das obras executadas e da certificación final das mesmas.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

#### **CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica valorada e nos seus correspondentes proxectos técnicos, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- a) Contrato de adxudicación da obra.
- b) Acta de comprobación do replanteo.
- c) Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- d) Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.



## Concello de Vigo

- e) Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- f) Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- a) Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- b) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- c) Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material das actuacións que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

### **QUINTO.- MODIFICACIÓNS DOS PROXECTOS**

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación dos proxectos das actuacións obxecto deste convenio.

Así mesmo, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, que obrigue a unha modificación dos proxectos derivada das necesidades de execución dos proxectos contratados e implique mais gasto será asumida polo Concello de Vigo, do cal dará conta a comisión de seguimento. Así mesmo as baixas producidas nas fases de licitación serán de aplicación á achega comprometida polo Concello de Vigo

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente e sempre dentro dos importes máximos a aportar por cada administración deberá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.

Se finalmente, a execución das obras previstas tiveran un custe inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

### **SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES**

O Concello de Vigo obrígase a:

- a) Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade

co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria valorada e nos correspondentes proxectos técnicos.

- b) Aprobar os correspondentes proxectos técnicos, debendo enviar un exemplar de cada proxecto aprobado á Deputación Provincial.
- c) Licitar os correspondentes proxectos técnicos que conforman a actuación obxecto deste convenio.
- d) Executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos.
- e) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- f) Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- g) Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- h) Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas viarias obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- i) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- j) Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- k) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- a) Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.
- b) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

## **SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.



## Concello de Vigo

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos s termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

### **NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

### **DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- a) A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- b) A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.

- c) A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- d) A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- e) A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

#### **DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de catro anos, contados desde a súa sinatura.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes, no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

#### **DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### **DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza





## Concello de Vigo

Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

### **13(811).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN REDES SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO, NA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AREAL E ROSALÍA DE CASTRO”. EXPTE. 581/441.**

Visto o informe xurídico do 30/09/2020 e o informe de fiscalización do 01/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 a aplicación orzamentaria 1532.619.00.14 “HUMANZ. S.AVENDAÑO, ENTRE AREAL-R.CASTRO”

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 2348-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14.05.2020 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

7º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 14.05.2020 que se corresponde co expediente administrativo 2348-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Caminos, Canais e Portos, Dna. Trinidad López Rodríguez con data de sinatura dixital de 05.05.2020
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 2 de xuño de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 2 de xuño de 2020.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 24 de xullo de 2020.
- E) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 15 de xullo de 2020

- F) Certificados de crédito RC nº 202000045249 e RC/FUT nº 202000045250 asinados pola Dirección Superior Contable municipal.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 17.09.2020
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 24.09.2020
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 24.09.2020

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 12.02.2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



## Concello de Vigo

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "RENOVACIÓN DE REDES SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO, NA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO ENTRE AREAL E ROSALÍA DE CASTRO" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, Dña. Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (286.266,42 EUROS) e data de sinatura dixital de 05.05.2020

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación de data 24.09.2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (286.266,42 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de 49.682,60 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.14 "HUMANZ. S.AVENDAÑO, ENTRE AREAL-R.CASTRO"

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020: 270.000 euros

2021: 16.266,42 euros

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(812).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE A RÚA ZAMORA E A RÚA PINTOR COLMEIRO". EXPTE. 620/441.**

Visto o informe xurídico do 30/09/2020 e o informe de fiscalización do 01/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/09/2020, asinado polo xefe do Servizo

Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 a aplicación orzamentaria 1532.619.00.16 "HUMANZ. HISPANIDADE ZAMORA – P. COLMEIRO"

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4688-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 06.08.2020 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

7º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 06.08.2020 que se corresponde co expediente administrativo 4688-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Joel Liñares Masid con data de sinatura dixital de 13.07.2020
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 13 de agosto de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13 de agosto de 2020.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 16 de setembro de 2020.
- E) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25 de agosto de 2020.
- F) Certificados de crédito RC nº 202000052910 asinado pola Técnica de Contabilidade e o Interventor Xeral.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 17.09.2020
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 24.09.2020
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 24.09.2020

#### **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo,



## Concello de Vigo

é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 12.02.2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA HISPANIDADE, ENTRE ZAMORA E PINTOR COLMEIRO”** redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS SETENTA E SETE EUROS con VINTE CÉNTIMOS ( 771.577,20 €) e data decembro de 2019 e con data da sinatura dixital de 13 de xullo de 2020 (expte. 4688/443).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 24.09.2020

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS SETENTA E UN MIL CINCO CENTOS SETENTA E SETE EROS CON VINTE CÉNTIMOS (771.577,20 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 133.910,09 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.16 "HUMANZ. HISPANIDADE ZAMORA – P. COLMEIRO"

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(813).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA RONDA DE DON BOSCO E A RÚA VENEZUELA". EXPTE. 628/441.**

Visto o informe xurídico do 02/10/2020 e o informe de fiscalización do 05/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 02/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 a aplicación orzamentaria 1532.619.00.05 (HUMANZ.T. LEAL, D. BOSCO-VENEZUELA).

**2º.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4683-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.08.2020 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

**7º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 27.08.2020 que se corresponde co expediente administrativo 4683-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda con data de sinatura dixital de 17.07.2020
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo



## Concello de Vigo

Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 26 de agosto de 2020.

- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26 de agosto de 2020.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 16 de setembro de 2020.
- E) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25 de agosto de 2020.
- F) Certificados de crédito RC nº 202000052911 e RCFUT Nº 52912 asinados pola Técnica de Contabilidade e o Interventor Xeral.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 30.09.2020
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 30.09.2020
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 01.10.2020

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de "MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA AREEIRO - SAMPAIO" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. ANTONIO J. DURÁN MACIÑEIRA, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E TRES MIL CENTO CINCUENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (93.154,78 €) e data setembro de 2020, e con data da sinatura dixital de 29 de setembro de 2020.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **36(834).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA PENÍS DE ABAIXO-CABRAL". EXPTE. 4801/443.**

Visto o informe de fiscalización do 02/10/2020, dáse conta do informe-proposta do do 02/10/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 02.03.2020 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción de proxectos de renovación de firmes en vías municipais de diferentes parroquias do Concello de Vigo, a favor da empresa Proyfe S.L. (B15077233).

II.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. ANTONIO J. DURÁN MACIÑEIRA presenta borrador do proxecto “MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA PENÍS DE ABAIXO - CABRAL”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZ MIL NOVECENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (110.946,62 €) e data setembro de 2020, e con data da sinatura dixital de 29 de setembro de 2020.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 25/09/2020, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 28.09.2020 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na Rúa Penís de Abaixo - Cabral, e consisten na reparación do firme danado, as obras a executar enuméranse a continuación:

- Perfilado, refino e limpeza de bordes exteriores e/ou cunetas e/ou pasos salvacunetas.
- Fresado de firme existente, co corte do pavimento no encontro coas rúas adxacentes.
- Rego de adherencia, con emulsión asfáltica catiónica termoadherente.
- M.B.C. tipo AC-16 SURF 50/70 D (D-12) en capa de rodadura de 5 cm de espesor medio.
- Adaptación de pozo, arqueta, reixa ou sumidoiro existente a nova rasante, incluso desmontase de elementos aproveitables, recrecido cerco de formigón reforzado con fibras de aceiro tipo Dramix ou equivalente.
- Marca vial reflexiva branca, de 10 cm de ancho, executada con pintura acrílica.
- Pintura dos compoñentes en frío, reflexiva, cunha dotación de pintura de 3 kg/m<sup>2</sup>, e 0,6 kg/m<sup>2</sup> de microesferas de vidro, incluso tratamento antideslizante, en cebreados, marcas e símbolos.
- Execución de redutor de velocidade en aglomerado segundo ORDE FOM/3053/2008, de 23 de setembro.
- Colector de saneamento enterrado de PVC de parede compacta de cor tella e rixidez 4 kN/m<sup>2</sup>; cun diámetro 400 mm e 315 mm.
- Pozo de rexistro prefabricado completo, de ata 100 cm de diámetro interior e de ata 2,50 m de altura útil interior.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS (2) MESES.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asistencia Municipal. emite en data 30.09.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

As obras propostas no aspecto urbanístico están axeitadas as ordenanzas e tratase de obras de mantemento, e conservación de viais existentes, non xerando ningún tipo de ocupación nin ampliación do mesmo, polo que se considera que as mesmas, tanto dende o aspecto da lexislación urbanística actual, e lexislación sectorial, son obras específicas tendentes a súa conservación e mantemento.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.



## Concello de Vigo

### CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

Aprobar o proxecto de "MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA PENÍS DE ABAIXO - CABRAL" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. ANTONIO J. DURÁN MACIÑEIRA, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZ MIL NOVECENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (110.946,62 €) e data setembro de 2020, e con data da sinatura dixital de 29 de setembro de 2020.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **37(835).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALLEAMENTO DE ANIMAIS EN EXCEDENTE DA COLECCIÓN ZOOLOXICA DE VIGOZOO. EXPTE. 10387/612.**

Visto o informe xurídico do 30/09/2020 e informe de fiscalización do 05/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/09/2020, asinado polo director de Réxime Interior Vigo Zoo, a concelleira-delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

Debido a necesidade do alleamento de animais en excedente da colección zoolóxica de VigoZoo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para o alleamento destes animais da colección zoolóxica de VigoZoo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( en adiante, LCSP) no que se pretende o alleamento dos seguintes animais en situación de excedente da colección zoolóxica:

<b>Lote</b>	<b>Nome común</b>	<b>Nome científico</b>	<b>Número</b>
1	Burro fariñeiro	<i>Equus asinus</i>	5
2	Avestruz	<i>Struthio camelus</i>	1
3	Cobo	<i>Kobus lechwe</i>	10
4	Guanaco	<i>Lama guanicoide</i>	9
5	Orix cimitarra	<i>Oryx dammah</i>	1
6	Ovella común	<i>Ovis aries celtibericus</i>	6
7	Porcoespiño	<i>Hystrix cristata</i>	6
8	Kinkaiú	<i>Potos flavus</i>	5
9	Eland	<i>Taurotragus oryx</i>	2



## Concello de Vigo

10	Llama	<i>Lama glama</i>	5
11	Petauro do sucre	<i>Petaurus breviceps</i>	6
12	Cisne negro	<i>Cygnus atratus</i>	3
13	Pecari	<i>Pecari tajacu</i>	3
14	Boa Arborícola	<i>Corallus hortulanus</i>	18
15	Culebra do millo	<i>Pantherophis guttatus</i>	9

En cumprimento do art. 28 da LCSP, a necesidade de facelo se xustifica en que para a mellorar as condicións de benestar dos animais é imprescindible e necesario o alleamento dos mesmos para garantir a saúde da fauna do Parque.

Como consecuencia do anterior, con data de 4 de maio, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para o alleamento de animais en excedente da colección zoolóxica de VigoZoo.

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e pola Concelleira de Medio Ambiente o 4 de maio de 2020.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 4 de maio de 2020.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 07/09/2020.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 27/07/2020.
5. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral-Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 14/09/2020.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e a xefa do Servizo de Contratación o 29/09/2020.

### 2.- Condicións definitorias do contrato:

#### a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste no alleamento de animais en excedente da colección zoolóxica de Vigozoo de acordo co establecido na cláusula 3ª.2 do PCAG.

#### b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é o procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159.6 e a forma de tramitación abreviada da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

O orzamento base de licitación é de 2.870,00 € e neste contrato prodúcese a inversión do suxeito pasivo do IVE e o valor estimado é de 2.870,00 €.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

O contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Con el esta administración pretende desfacerse do excedente de animais da colección zoolóxica de VigoZoo para garantir o cumprimento das medidas de benestar animal, en concreto no que respecta ao aloxamento da fauna, que debe de ser en condicións adecuadas que permitan a satisfacción das súas necesidades biolóxicas e de conservación, esixidas pola Directiva 1999/22/CE, relativa ao mantemento de animais salvaxes en parques zoolóxicos e da Lei 31/2003, de 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos na que se incorpora ao ordenamento xurídico español a normativa ambiental europea.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 3 meses sen posibilidade de prórroga.

f) Réxime de pagamentos

O adxudicatario deberá presentar “autoliquidación para a venda de excedentes” polo importe adxudicado, tendo á súa disposición na sede electrónica, oficina tributaria, a referida autoliquidación. O interesado, a estes efectos deberá cubrir os datos e facer o pagamento por calquera dos sistemas previstos tamén na sede electrónica; facilitándose, a dirección específica na sede na que executará o proceso.

No aboamento do prezo é requisito imprescindible para a retirada dos excedentes.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Conservador de VigoZoo.

### **3.- Criterios de adxudicación e ponderación**





## Concello de Vigo

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 07/09/2020 polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 16 do PCAG prevese a valoración de máis dun criterio:

### CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Incremento do prezo unitario mínimo esixido para cada un dos lotes na cláusula 5.4 deste prego: ata un máximo de 70 puntos

O licitador deberá indicar na súa oferta un prezo unitario por animal para cada un dos lotes. Ditos prezos unitarios estarán expresado en euros cun máximo de dous decimais.

2.- Redución do prazo de saída dos animais (máximo 3 meses segundo a cláusula 4.3 do PPT): valorarase ata un máximo de 30 puntos

- Entre 2 meses e menos de 3: 30 puntos
- Entre 1 mes e menos de 2: 15 puntos

### PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do alleamento de animais en excedente da colección zoolóxica de VigoZoo (exp. 10387-612).

SEGUNDO.- Aprobado o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior con data 27/07/2020 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 29/09/2020.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adopción da medida de gratuidade da atención educativa nas escolas infantís municipais do Concello de Vigo para segundos/as fillos/as e sucesivos. Expte. 24592/332.
- .- Convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizados polo Concello de Vigo para os programas “Nadal 2020”, “Cabalgata de Reis 2021” e “Entroido 2021”. Expte. 8615/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **38(836).- ADOPCIÓN DA MEDIDA DE GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA SEGUNDOS/AS FILLOS/AS E SUCESIVOS. EXPTE. 24592/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 07/10/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Mediante Lei 7/2019 de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e engadiuse unha disposición adicional novena “Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as”.

2.- En data 25 de setembro de 2020 foi notificado o requirimento de documentación da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, (doc. núm. 200173875) no que se require a esta corporación local para que confirme se adoptou ou non a medida



## Concello de Vigo

de gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, prevista no número seis do artigo 23 da Lei 7/2019 de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e se, en consecuencia, solicita acollerse á compensación económica da administración autonómica pola adopción da dita medida, segundo o disposto no dito artigo (período lectivo de setembro a decembro 2020).

3 - O Concello de Vigo xestiona oito escolas infantís municipais: EIM Atalaia-Teis, EIM Sta. Cristina-Lavadores, EIM Costeira-Saiáns, EIM Sta. Marta-Casco Vello, EIM Tomás Alonso, EIM Bouzas, EIM Mestres Goldar-Castrelos e EIM Navia.

Nestas escolas hai un total de 338 nenos matriculados, dos cales 88 cumprían a condición de ser segundos ou sucesivos fillos.

O importe de aplicar a medida de gratuidade para estes nenos suporía unha contía de 9.908,84 euros ao mes.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

I.- Disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia Lei 13/2008, modificada polo artigo 23 da Lei 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas :

“Disposición adicional novena. Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as

1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas no caso da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, aplicarase para estes unha bonificación do 100% dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en vigor en cada momento.

A bonificación do 100 % das cantidades correspondentes á atención educativa no suposto de matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar aplicarase tamén no caso das prazas contratadas pola consellaría competente en materia de servizos sociais en escolas infantís de titularidade privada, polo que a Administración autonómica asumirá, de acordo co réxime previsto no contrato, o pagamento das cantidades que, de ser o caso, correspondan polo indicado concepto á unidade familiar.

Esta medida terá efectos económicos desde o 1 de abril de 2020 ou desde a data anterior que se determine, atendidas as dispoñibilidades orzamentarias, por resolución da persoa titular da consellaría competente en materia de servizos sociais, publicada no Diario Oficial de Galicia, e aplicarase directamente, sen prexuízo da posterior adaptación da normativa sobre prezos en vigor ao disposto nesta disposición.

2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustificaren, serán

compensadas pola consellaría competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.

Caso de as entidades locais teren implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas.

Para os efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permiten fixar a contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por debaixo do límite do custo do servizo.

A medida establecida neste número poderá ter efectos económicos no curso 2020-2021 e ser aplicable directamente, sempre que os órganos competentes das entidades locais acorden o seu establecemento e aplicación, sen prexuízo de que deban proceder á adaptación da súa normativa sobre prezos ou contraprestacións en vigor ao disposto nesta disposición.

Para que sexa aplicable a compensación prevista neste número, as entidades locais deberán acreditar estaren ao corrente no pagamento das liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

3. As bonificacións financeiras e compensacións financeiras establecidas nos números anteriores realizaranse sempre dentro dos créditos dispoñibles en cada exercicio orzamentario.

4. Nas bases reguladoras das subvencións para o mantemento das escolas infantís de 0-3 anos dependentes de entidades privadas de iniciativa social que aprobe a consellaría competente en materia de servizos sociais, establecerase como condición para obter o financiamento a necesidade da aplicación de prezos equivalentes aos derivados do réxime de prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en vigor en cada momento, así como da aplicación, desde a data que se determine nas bases reguladoras, da bonificación do 100% das cantidades correspondentes á atención educativa no caso da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar. Estas entidades serán compensadas de acordo co réxime de financiamento que se dispoña nas indicadas bases reguladoras.

5. A consellaría competente en materia de servizos sociais adoptará medidas tendentes a promover e fomentar que as entidades públicas distintas das recollidas nos números anteriores deste artigo, así como as entidades privadas, que sexan titulares de escolas infantís de 0-3 anos, apliquen para o segundo fillo ou filla da unidade familiar e sucesivos/as unha bonificación do 100% da contraprestación pecuniaria que teñan establecida pola atención educativa. Entre tales medidas poderá estar a do establecemento de subvencións.



## Concello de Vigo

Nestes casos será a cargo das entidades a contía da bonificación no que exceda da contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.”

Á vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro de Educación e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Adoptar a medida de gratuidade da atención educativa nas escolas infantís municipais de 0-3 anos para os segundos fillos ou fillas da unidade familiar matriculados nunha das escolas infantís municipais: EIM Atalaia-Teis, EIM Sta. Cristina-Lavadores, EIM Costeira-Saiáns, EIM Sta. Marta-Casco Vello, EIM Tomás Alonso, EIM Bouzas, EIM Mestres Goldar-Castrelos e EIM Navia, ou calquera escola infantil que pase a integrarse na Rede de Escolas Infantís Municipais.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Política Social acollerse á compensación económica procedente pola gratuidade da atención educativa nas escolas infantís municipais de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, establecida na Disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, modificada polo artigo 23 da Lei 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Terceiro.- Instar da Concellería de Orzamentos e Facenda a modificación que proceda da ordenanza nº 23, Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **39(837).- CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE VIGO PARA OS PROGRAMAS “NADAL 2020”, “CABALGATA DE REIS 2021” E “ENTROIDO 2021”. EXPTE. 8615/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 2/10/2020, dáse conta do informe-proposta de data 28/09/2020, asinado polo técnico xestor dos expedientes de Festas (Resolución 17/06/2020) e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias,

pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

A estos efectos en data 04/07/2019 á XGL prestou aprobación ás bases reguladoras e convocatorias de convenio de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo que modificou as bases aprobadas en data 28/07/2017.

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrència establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas

- a) Programas “**Samain**” e “**Nadal**”.
- b) Programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**”
- c) Programa “**VIGO EN FESTAS** ”

Conforme a base SÉTIMA das bases reguladoras, procede a aprobación da convocatoria dos programas NADAL 2020, CABALGATA DE REIS E ENTROIDO 2021.

Polo polo exposto, previo informe xurídico, sométese á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte INFORME PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria do programa: “ NADAL 2020, CABALGATA DE REIS 2021 E ENTROIDO 2021”



## Concello de Vigo

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo dos Programas “NADAL 2020, CABALGATA DE REIS 2021 E ENTROIDO 2021” no BOP de Pontevedra, taboleiro de edictos e páxina web do Concello de Vigo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA PARA OS PROGRAMAS: “NADAL 2020” E “CABALGATA DE REIS E ENTROIDO 2021” DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.

**Expediente nº 8615-335**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

A estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresariais con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral organizadas polo Concello de Vigo, a través das bases aprobadas pola Xunta de Goberno local en data 04 de xullo de 2019, e da convocatoria anual.

**SEGUNDO.- ACTIVIDADES OBXECTO DE COLABORACIÓN.** Poderán ser obxecto de colaboración as actividades municipais relacionados no **Anexo I** das bases reguladoras.

### **TERCEIRO.- ENTIDADES COLABORADORAS.**

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incorridas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### **CUARTO.- MODALIDADES DAS ACHEGAS**

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como **en especie** nos supostos legalmente establecidos. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto de colaboración.

Sempre que a actividade obxecto de colaboración o permitan, as achegas poderán proceder de varias entidades colaboradoras. En tales casos, cada entidade formalizará o seu respectivo convenio de colaboración segundo o modelo do **anexo II**.

### **QUINTO.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

A publicación das convocatorias conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOPPO e na páxina web municipal con arranxo ao calendario recollido na base SÉTIMA:

a) Para o programa “**Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

b) Para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 10 días naturais contados dende o día de publicación no BOPPO .

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Recibidas as propostas nos prazos das respectivas convocatorias, procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

Todo isto farase mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo III**)

#### **SEXTO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR AS BASES E FORMULARIOS:**

**As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e servizo de Festas dende o día da publicación no BOPPO.**

#### **SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.**

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Área e como secretario/a un técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos

b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.

c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.

d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.





## Concello de Vigo

- 2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.
- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.
  - b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos
  - c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.
  - d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.
  - e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto

### ANEXO I

Con motivo da situación actual de emerxencia sanitaria o desenvolvemento das actividades programadas está suxeita ao cumprimento de determinadas medidas preventivas en materia COVID establecidas pola Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Sanidade e posteriores modificacións.  
Polo que o programa exposto pode sufrir modificacións ou cancelacións.

### ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.

#### 1.- CABALGATA DE REIS 2021:

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que ten lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2021:

Data e hora: 5 de xaneiro as 18,00 horas

Percorrido: Por determinar

Temática: **CIVILIZACIÓNS DO MUNDO NA HISTORIA**

Forma de colaboración: **Achegas en especie** (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

#### 2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL 2020-2021.

Descrición da actividade: Eventos socioculturais infantís, familiares e e público xeral desenvolvidos entre o 18 de decembro e o 10 de xaneiro.

Datas e horarios: sen determinar.

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** para colaboración na realización de obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar ou infantís, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación de Nadal).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

#### 3.-ENTROIDO 2021

Descrición da actividade: Programa de actividades relacionadas co Entroido vigués: Concursos, desfiles, concertos, entronización e enterro do Meco, carreira popular, calquera outra actividade de interese xeral relacionada co Entroido.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación anual

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** (obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar, infantís ou de público xeral, concertos de música, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación do Entroido).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

### ANEXO III

**INSTANCIA-FORMULARIO DE  
SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS  
E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.**

**NOME** ..... **DA** ..... **ENTIDADE:**

CIF.....ENDEREZO.....

.....  
LOCALIDADE.....CÓDIGO  
POSTAL.....

**NOME** ..... **DO** ..... **REPRESENTANTE** ..... **LEGAL** ..... **DA**  
**ENTIDADE:**..... NIF.....TELÉFONO DE  
**CONTACTO**..... CORREO ELECTRÓNICO .....

**ACTIVIDADE/S OU PROGRAMA/S OBXECTO DE COLABORACIÓN:**

- **PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL 2020-2021: C**
- **CABALGATA DE REIS 2021: C**
- **ENTROIDO 2021: C**

**FORMA DE COLABORACIÓN:**

- **MONETARIA: C** **IMPORTE DA ACHEGA:**.....
- **EN ESPECIE: C** **VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA** .....

\* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.

En ....., a .....de.....de 20....

Asdo.:



**Concello de Vigo**

**EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO**

**40(838).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME..

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez